



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE

ESTRATEGIA
IMPULSO
AUTÓNOMO

H27



Estrategia Impulso Autónomo Horizonte 27
O teu emprego, á túa medida



Contidos

1. Contexto da Estratexia Impulso Autónomo **Horizonte 27**
2. Execución da Estratexia Autónomo 2020
3. Impacto da COVID-19
4. O escenario do emprego autónomo en Galicia
5. Principais conclusións da análise DAFO
6. Contidos clave do impulso
7. Gobernanza, seguimento e mellora



1. Contexto da Estratexia Impulso Autónomo Horizonte 27

1. Contexto da Estratexia Impulso Autónomo **Horizonte 27**

A vixencia da **Estratexia Autónomo 2020** chegou ao seu fin coincidindo **coa aparición da pandemia e cun período de grande incerteza** que imposibilitaba o establecemento de novas medidas a longo prazo, achegando un **escenario económico e laboral moi inestable**, con cambios normativos e novas restricións case a diario.

Por iso, durante os anos **2020 e principalmente 2021 e 2022**, as medidas postas en marcha desde a Xunta de Galicia estiveron **dirixidas** basicamente a apoiar aos negocios das persoas autónomas para **superar os obstáculos e axudar á súa supervivencia** cos sucesivos plans de rescate, incidindo agora xa no 2023 nas pautas e factores propicios para promover un novo escenario máis estable e motivador.

1. Contexto da Estratexia Impulso Autónomo **Horizonte 27**

Unha vez **superado** o peor desta **crise sanitaria** e coincidindo coa posta en marcha do **novo proceso de reflexión** que supón a elaboración do **novo Plan Estratégico de Galicia**, danse de novo as circunstancias idóneas para poder definir as liñas mestras a desenvolver **para impulsar o emprego autónomo en Galicia ata o ano 2026** (aínda que a incerteza económica segue a manterse con maior persistencia), como vía para potenciar e recuperar a senda emprendida para consolidar a Galicia como **o mellor contorno para promover iniciativas de emprego autónomo de calidade**, competitivas, seguras e duradeiras.

Así, esta **Estratexia Impulso Autónomo Horizonte 27** centra a principal vía para dar cumprimento ao obxectivo operativo 01.01.03 do Plan Estratégico de Galicia 2021-2030 no relativo a **aumentar as competencias emprendedoras, impulsar a creación de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables e fomentar un mercado de traballo inclusivo**, e contempla esta nova estratéxica como planificación relacionada coa súa consecución.

1. Contexto da Estratexia Impulso Autónomo **Horizonte 27**


Por último débese resaltar que, a pandemia da COVID-19 tivo un efecto positivo tamén neste escenario. Con ela, **moitas persoas traballadoras tomaron conciencia da importancia que ten nas súas vidas unha axeitada integración e equilibrio entre o desenvolvemento profesional e o seu benestar persoal.**

Grazas a algunhas das medidas implantadas para limitar o impacto no eido económico das restricións á mobilidade (teletraballo, medios tecnolóxicos para a interacción persoal, comercio electrónico, ...) logrouse demostrar sobradamente a súa validez e utilidade na actividade diaria de moitas persoas traballadoras autónomas, **e xa non son futuribles senón realidades aceptadas.**

Baixo esa perspectiva, o **emprego autónomo está a destacar como a fórmula ideal para que as persoas con estas inquedanzas decidan desenvolver o seu proxecto profesional dun xeito equilibrado e integrado co seu proxecto vital**, creando un emprego a medida que atenda non só ás metas económicas, senón ás persoais e emocionais da actividade **na procura dunha maior calidade de vida.**


1. Contexto da Estratexia Impulso Autónomo Horizonte 27

Mapa de procesos do Emprego autónomo



1.2. Mapa de axentes relevantes

Mapa de axentes relevantes





2. Execución da estratexia 20 do emprego autónomo

2. Execución da estratexia 20 do emprego autónomo

Resultados obxectivo da Estratexia 2016-20





3. Impacto da COVID-19

3. Impacto da COVID-19

A finais do primeiro trimestre de 2020, o decreto de estado de alarma en toda España xunto coas restricións ao desenvolvemento da actividade económica motivadas pola situación de emerxencia sanitaria **supuxo un inesperado atranco** non só **para a execución das medidas previstas para o último ano de vixencia da Estratexia Autónomo 2020**, senón **para a supervivencia das iniciativas de emprego autónomo que se viron afectadas pola paralización da actividade.**

Para dar resposta a esta necesidade de recursos e así poder subsistir ao período de crise e retomar a actividade económica novamente, a Xunta de Galicia **puxo en marcha 4 plans de rescate e dous programas extraordinarios (de Apoio ao peche do lecer nocturno e das Persoas traballadoras autónomas e microempresas con actividades especialmente paralizadas).**

3. Impacto da COVID-19

No seu conxunto, estes plans e programas estiveron **destinados ao emprego autónomo**, atendendo ás diferentes tipoloxías e casuísticas avaliadas en cada caso, chegando a todo o colectivo (persoas autónomas dependentes, societarias, colaboradoras, ...).

Plan da rescate da Xunta de Galicia para as Persoas Traballadoras Autónomas (TRABA)

Personas beneficiarias: Todas as persoas traballadoras autónomas dadas de alta no RETA ou no REXA por conta propia e as persoas autónomas dependentes, con data anterior ao 31/03/2020.

Requisitos: Estar de alta no RETA ou como persoas traballadoras por conta propia no REXA Especial de Maí.

Orzamento: 30.000.000€ de orzamento.

Contía da axuda económica: Para persoas traballadoras autónomas en xeral: 1.200€; Para persoas traballadoras autónomas de actividades económicas especialmente paralizadas: 2.000€.

I Plan
30.000.000€

PROGRAMA 1 - PERSONAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS (TR590A)

Personas beneficiarias: Persoas traballadoras autónomas en alta no RETA ou no REXA por conta propia.

Orzamento: 75.000.000€.

Requisitos: 1. Estar de alta no RETA ou no REXA por conta propia; 2. Ter domicilio fiscal en Galicia; 3. Aceptar un descenso de facturación en 2020 de polo menos o 45% respecto ao 2019.

Contía da axuda: Baseada de entre o 40% a o 70%.

II Plan
75.000.000€

PROGRAMA 1 - AUTÓNOMOS EN ESTIMACIÓN OBTECTIVA (TR590A)

Personas beneficiarias: Persoas traballadoras autónomas en alta no RETA ou no REXA por conta propia.

Orzamento: 150.000.000€.

Requisitos: 1. Ter domicilio fiscal en Galicia; 2. Ter certificación pendente de pago a proveedores ou acredores de centros de ingresos entre o 1 de maio de 2020 e o 31 de maio de 2021; 3. Ter pagos realizados no data do solicitado; 4. Estar ao corrente coa AEAT, ATRIGA e Seguridade Social; 5. Non ter solicitado concursal voluntario, nin ter sido declarado insolvente nin atoparse en declaración de concurso.

III e IV Plan
234.470.880€

Plan de Rescate (TR700A)

Personas beneficiarias: Persoas traballadoras autónomas dependentes, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise de COVID-19.

Orzamento: 154.470.880€.

Requisitos: 1. Ter domicilio fiscal en Galicia; 2. Ter certificación pendente de pago a proveedores ou acredores de centros de ingresos entre o 1 de maio de 2020 e o 31 de maio de 2021; 3. Ter pagos realizados no data do solicitado; 4. Estar ao corrente coa AEAT, ATRIGA e Seguridade Social; 5. Non ter solicitado concursal voluntario, nin ter sido declarado insolvente nin atoparse en declaración de concurso.

APROIO AO PECHO DO LECER NOCTURNO (TR790A)

Personas beneficiarias: Persoas autónomas, microempresas ou pemes que desenvolvan a actividade económica dun establecemento de lecer nocturno.

Orzamento: 1.500.000€.

Contía das axudas: Establecemento de ata 600 m²: 2.500€; Establecemento de máis de 600 m² ata 200 m²: 5.500€; Establecemento de máis de 200 m² ata 500 m²: 9.000€; Establecemento de máis de 500 m² ata 700 m²: 14.000€; Establecemento de máis de 700 m² ata 1.000 m²: 27.000€; Establecemento de máis de 1.000 m²: 45.000€.

Lecer nocturno
4.700.000€

PROGRAMA EXTRAORDINARIO DAS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS E MICROEMPRESAS CON ACTIVIDADES ESPECIALMENTE PARALIZADAS POLA COVID-19 (TR760A)

Personas beneficiarias: Persoas traballadoras autónomas no RETA, persoas traballadoras por conta propia, persoas traballadoras dependentes, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise de COVID-19.

Orzamento: 2.700.000€.

Contía dos apoios: 20.000€; 30.000€; 40.000€; 50.000€; 60.000€; 70.000€; 80.000€; 90.000€; 100.000€.

Acts. Esp. paralizadas
4.700.000€

342 Millóns de euros


achegados no conxunto de plans de rescate

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. 2015 - actualidade

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia


Deixando á marxe a propia evolución observada no emprego autónomo durante o horizonte 2020 – 2021 como consecuencia da COVID-19, a continuación se abordará unha **análise** pormenorizada para o período **2015 – abril 2023**, como escenario evolutivo que permita dispoñer dunha perspectiva ampla do emprego autónomo en Galicia, tomando **como referencia de inicio o momento no que se impulsou a anterior estratexia do emprego autónomo** e como remate a situación na que se desenvolve actualmente este colectivo tan importante para Galicia nestes intreos.

É neste apartado onde se fai un **repaso pormenorizado da mencionada evolución 2015 - 2023**, axustándoo, de cara a unha óptima comprensión dinámica e evolutiva, ao propio fluxo establecido xa no apartado anterior relativo ao mapa de procesos; isto é:



4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. I Posta en marcha

Evolución indicador TEA Galicia vs España. Unidades: base 10




Fonte: Informe GEM

Elaboración propia

A evolución do indicador TEA (Total Entrepreneurial Activity) en Galicia vai reducindo o seu diferencial respecto do TEA amosado para España desde o ano 2016, asumindo tamén a mesma tendencia ao longo do período avaliado, no que se observa tamén o efecto da situación COVID cun descenso destacado no ano 2020.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. I Posta en marcha

Evolución indicador TEA Galicia vs España por sexo. Unidades: base 10




Fonte: Informe GEM

Elaboración propia

Na evolución do indicador TEA por sexos, se reflicte en Galicia unha maior incidencia do efecto COVID no emprendemento feminino, despois de tres anos mantendo unha tendencia de crecemento sostido por riba dos homes en Galicia (cunha tendencia máis plana) e da media estatal feminina.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. I Posta en marcha

Distribución da poboación emprendedora por sexo en fase potencial Galicia. Unidades: Porcentaxe



Fonte: Informe GEM


Elaboración propia

Emprendemento potencial:
Poboación de 18-64 anos que ten expresado a súa intención de emprender nos próximos 3 anos.

Polo que respecta á fase potencial, o emprendemento feminino e masculino en Galicia amosan unha evolución cíclica máis pronunciada nos últimos anos, estando actualmente nun cambio de fluxo no que as mulleres volven recuperar maior peso na súa intención de iniciar un proceso laboral por conta propia.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. I Posta en marcha

Distribución da poboación emprendedora por sexo en fase incipiente Galicia. Unidades: Porcentaxe



Fonte: Informe GEM


Elaboración propia

Emprendemento incipiente:
Iniciativas emprendedoras con menos de 42 meses de actividade económica.

Nesta fase de arranque do emprendemento, as iniciativas postas en marcha polas mulleres en Galicia tamén destacan nos últimos anos, cunha tendencia similar á observada nas potenciais pero cunha maior diferencial respecto dos homes.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. I Posta en marcha

Distribución da poboación emprendedora por sexo en fase consolidada Galicia. Unidades: Porcentaxe



Fonte: Informe GEM


Elaboración propia

Emprendemento consolidado:
Iniciativas emprendedoras con máis de 42 meses de actividade económica.

Se observa tamén como na fase de consolidación, o emprendemento feminino ten un maior peso consolidado que o masculino, tendo un crecemento constante que non reflicte a evolución cíclica vista nas anteriores fases do emprendemento.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. I Posta en marcha


Distribución da poboación emprendedora por sexo en fase abandono Galicia. Unidades: Porcentaxe



Igualmente, o nivel de abandono da actividade emprendedora tense destacado máis, nos últimos dous anos, nas mulleres, prevéndose entón que as iniciativas incipientes e consolidadas avaliadas femininas se vexan en maior risco que as iniciativas dos homes.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. I Posta en marcha


Evolución das altas no RETA Galicia vs España. Unidades: altas anuais rexistradas no réxime



Polo que respecta á alta no RETA, as altas da poboación autónoma de Galicia amosan unha tendencia semellante á do conxunto do Estado, incluíndo unha evolución de crecemento no 2021 e 2022 despois de acadar o mínimo de altas no período do 2020 coincidindo coa pandemia pola COVID-19.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. I Posta en marcha

Evolución das altas no RETA Galicia (detalle). Unidades: altas rexistradas




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

No detalle específico da evolución das altas nas afiliacións ao RETA, vese mellor como a situación da pandemia ocasionou o menor número de altas no réxime, véndose recuperado no ano 2021 e 2022 trala recuperación da situación económica.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. I Posta en marcha

Evolución das altas no RETA Galicia vs España. Unidades en base 100 respecto do 2015




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
 Elaboración propia

A evolución de altas indicada nos dous gráficos anteriores vese de xeito claro agora, cun descenso constante do volume anual de altas, cunha certa recuperación de "inflexión" vividas no ano 2018 e 2021 - 2022 con tendencias de crecemento respecto dos anos anteriores, superando neste último Galicia á proporción de altas do Estado.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. I Posta en marcha

Evolución das altas no RETA vs Rex. Xeral Galicia. Unidades en base 100 respecto do 2015




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
 Elaboración propia

Pódese observar tamén como a evolución indicada no RETA en Galicia ten unha tendencia “reflexo” da situación observada no mesmo espazo temporal no Réxime Xeral, véndose como mentres este cada vez adquire máis altas, o RETA ten unha tendencia a menor cantidade de altas, co contraste nos dous último anos.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Evolución da afiliación no RETA Galicia vs España Unidades: Afiliacións medias anuais




Polo que respecta á evolución da afiliación, Galicia amosa un comportamento diferenciado respecto do conxunto do Estado, vendo reducir a súa poboación autónoma ano tras ano (coa excepción do paso entre o ano 2020 e 2021).

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Evolución do peso relativo do RETA no total de afiliación Galicia vs España. Unidades: Porcentaxe


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia



Ese descenso, xunto co forte crecemento da afiliación ao Réxime Xeral, fan que o peso deste colectivo no conxunto da afiliación á Seguridade Social acade actualmente niveis do 20,28%, fronte ao 24% do ano 2015. En todo caso, a tendencia é semellante á observada para o conxunto do Estado, no que tamén minora o seu peso.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Evolución do peso relativo do RETA no total de afiliación CCAA. Unidades: Porcentaxe




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Aínda con esa evolución, Galicia segue a ser a comunidade autónoma no que o emprego autónomo ten un maior peso relativo no conxunto da afiliación á Seguridade Social (un 20,52% en maio de 2023), 4,17 puntos porcentuais máis que na media do Estado (16,35%), amosando un descenso entre o 2015 e 2023 en todas as comunidades.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Evolución da afiliación RETA por sexos por CCAA. Unidades: Promedio anos 2015 – 2023




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Polo que respecta á representatividade por sexos, Galicia é a CCAA onde as mulleres acadan maior peso no colectivo de persoas traballadoras autónomas (o 42,1% de media no período 2015-2022), con 1,1 puntos máis que Asturias, seguinte comunidade por presenza feminina (ver detalle na páxina seguinte).

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Evolución da afiliación RETA por sexos por CCAA. Unidades: Promedio anos 2015 – 2023




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Peso relativo das mulleres no RETA nas CCAA

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Evolución da afiliación RETA por sexos Galicia vs España. Unidades: Porcentaxe media anual 2015-2023




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Aínda así, a participación da muller no RETA en Galicia amosa unha tendencia lixeiramente á baixa, perdendo 0,8 puntos porcentuais respecto á súa representación no ano 2015.


4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Perfil da afiliación RETA por sexos Galicia vs España. Unidades: Promedio anos 2015-2023

Galicia



España




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

En calquera caso, Galicia conta cunha afiliación ao RETA por sexos moito máis igualitaria que o conxunto do Estado (42,1%), 6,6 puntos porcentuais máis que a media de España, o que pon de manifesto o papel da muller neste colectivo.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Perfil da afiliación RETA por grupos de idade CC.AA. Unidades: Promedio período 2015-2023




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Polo que respecta á poboación afiliada por idade, Galicia conta cunha afiliación ao RETA maior de 40 anos que representa o 76,9% do total, 4,1 puntos máis que a media estatal (72,8%), diferenza que ven dada polo maior peso das persoas maiores de 55 anos en Galicia.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Evolución da afiliación RETA por grupos de idade Galicia. Unidades: Porcentaxe media anual 2015-2023




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Aínda así, a poboación menor de 25 anos case mantense na súa participación no colectivo RETA, pasando de supoñer o 1,4% no 2015 ao 1,3% no 2023, fronte ao descenso paulatino e constante do colectivo de entre 25 e 39 anos (fronte ao crecemento das persoas maiores de 40 anos).


4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Perfil da afiliación RETA por grupos de idade Galicia - España. Unidades: Promedio anos 2015-2023

Menores de 25; 1,3% **Galicia**



España Menores de 25; 2,0%




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Pódese ver que a participación da poboación menor de 39 anos é menor en Galicia que no conxunto do Estado, fronte á maior presenza das persoas maiores de 40 anos, que supón o 76,9% do conxunto de persoas afiliadas ao RETA en Galicia, é dicir, por riba de 3 de cada 4 persoas afiliadas (detalle na seguinte páxina).

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Perfil da afiliación RETA por grupos de idade Galicia - España. Unidades: Promedio anos 2015-2023




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Peso relativo das persoas maiores de 40 anos no RETA nas CCAA 2015-2023

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Perfil da afiliación RETA por nacionalidade CC.AA. Unidades: Promedio período 2015-2023




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Polo que respecta á presenza no RETA de persoas estranxeiras, Galicia sitúase como a segunda comunidade na que reflicte o menor peso, por detrás de Extremadura, sendo o 3,6% do total, fronte ao 11,7% do conxunto do Estado.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación


Evolución da afiliación RETA nacionalidade española Galicia - España. Unidades: Porcentaxe media anual – 2015-2023



Aínda así, o crecemento deste colectivo de poboación estranxeira dentro do RETA é moi salientable, aínda que menor que no conxunto do Estado. En Galicia pasa de representar o 2,4% no 2015 ao 4,5% no 2023, o que amosa o seu dinamismo e crecemento dentro deste colectivo (detalle na seguinte páxina).

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación


Evolución da afiliación RETA nacionalidade española Galicia - España. Unidades: Porcentaxe media anual 2015-2023



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Perfil da afiliación RETA por base de cotización CC.AA. Unidades: Promedio período 2015-2023




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

A consolidación do emprego autónomo que se vía nos grupos de idade, se amosa vendo que Galicia é unha das comunidades na que a súa poboación autónoma na que menos representa a cotización pola base mínima (o 66,5%), con 8,3 puntos porcentuais menos que no conxunto do Estado (ver detalle na seguinte páxina).

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Perfil da afiliación RETA por base de cotización CC.AA. Unidades: Promedio período 2015-2023




Fonte: Ministerio de Inclusión,
 Seguridad Social y Migraciones
 Elaboración propia

Galicia é a terceira comunidade autónoma con menos persoas cotizando pola base mínima no período avaliado 2015-2023, só superada por País Vasco e Asturias co 66,4%. No que vai do 2022 mantense situada como terceira (cun 4,2%).

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación



Evolución da afiliación RETA por base de cotización Galicia. Unidades: Porcentaxe media anual 2015-2023



A evolución entre o 2015 e 2023 da cotización ao réxime, reflicte tamén o axuste observado coa reforma do sistema de cotizacións entrado en vigor no 2023, cun aumento nas bases cotizadas e minorando drasticamente as persoas cotizantes pola base mínima.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Perfil da afiliación RETA por base de cotización Galicia - España. Unidades: Promedio anos 2015-2023




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
 Elaboración propia

Dado o menor peso da cotización pola base mínima, destaca a "amplitude" dos demais tramos no conxunto da cotización en Galicia, principalmente do colectivo que cotiza entre 1,5 e 2 veces a base mínima, que representa 1,6 veces o peso que supón no conxunto do Estado (9,3% fronte ao 3,5%).

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Perfil da afiliación RETA por antigüidade CC.AA. Unidades: Promedio período 2015-2023




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Polo que respecta á consolidación do emprego autónomo se observa tamén vendo como Galicia se sitúa entre as comunidades nas que as persoas cunha antigüidade superior a 3 anos teñen unha maior presenza (o 73,23% do total), fronte ao 67,15% do conxunto do Estado (ver detalle na seguinte páxina).

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Perfil da afiliación RETA por antigüidade CC.AA. Unidades: Promedio período 2015-2023




Fonte: Ministerio de Inclusión,
 Seguridad Social y Migraciones
 Elaboración propia

Galicia é a 7ª comunidade autónoma con poboación que leva máis de 3 anos cotizando no RETA no período avaliado.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Evolución da afiliación RETA por antigüidade Galicia. Unidades: Porcentaxe media anual 2015-2023





Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Nesa mesma liña, a poboación con máis de 5 anos de cotización aumentan a súa representatividade no RETA en Galicia, pasando do 62,4% ao 64,2%, fronte ao descenso das persoas con menos de 12 meses de cotización que pasan do 12,8% (6,5% e 6,3%) ao 10,7% (6,2% e 4,5%) entre o ano 2015 e o 2023.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Perfil da afiliación RETA por antigüidade Galicia - España. Unidades: Promedio anos 2015-2023




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

E polo que respecta á comparativa con respecto ao conxunto do Estado, destacan os dous intervalos extremos (menos de 6 meses e máis de 5 anos), nos que as diferenzas son máis destacadas que na media de España.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Perfil da afiliación RETA por persoas asalariadas ao cargo CC.AA. Unidades: Promedio período 2015-2023




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Polo que respecta á poboación afiliada ao RETA con persoal asalariado ao seu cargo, Galicia sitúase lixeiramente por baixo da media estatal, acadando o 20,5% da poboación con persoal asalariado fronte ao 21,1% de media en España (ver detalle na seguinte páxina).

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Perfil da afiliación RETA por persoas asalariadas ao cargo CC.AA. Unidades: Promedio período 2015-2023




Fonte: Ministerio de Inclusión,
 Seguridad Social y Migraciones
 Elaboración propia

Galicia sitúase como a 9ª comunidade no que a poboación autónoma conta con menos persoas asalariadas ao seu cargo, aínda que 0,7 puntos por riba da media estatal.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Evolución da afiliación RETA por persoas asalariadas ao cargo Galicia-España. Unidades: Porcentaxe media anual 2015-2023




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Aínda así, na perspectiva evolutiva 2015-2023, a poboación afiliada RETA con persoal asalariado ao seu cargo en Galicia amosa un incremento de 0,8 puntos porcentuais, situándose ao nivel da media estatal (20,7% en Galicia no 2023 fronte ao 20,8% no conxunto do Estado), cunha tendencia de crecemento fronte ao descenso do Estado.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Evolución da afiliación RETA por persoas asalariadas ao cargo Galicia-España. Unidades: Porcentaxe media anual 2015-2023




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

De feito, a porcentaxe de persoas autónomas con persoas asalariadas en Galicia ten reducido o seu diferencial no horizonte temporal avaliado, situándose desde o ano 2020 en cifras semellantes ao do conxunto do Estado. Desde a pandemia, este colectivo está a recuperar peso, situándose no 2023 en niveis próximos aos do 2019.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Perfil da afiliación RETA con pluriactividade CC.AA. Unidades: Promedio período 2015-2023




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Galicia conta tamén cunha poboación autónoma que recorre menos á pluriactividade que a media estatal (o 5,3% fronte ao 6,1%), sendo a 4ª comunidade no que menos se acolle a este tipo de busca de fonte de ingresos adicionais á actividade propia como persoa traballadora autónoma (ver detalle na seguinte páxina).

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Perfil da afiliación RETA con pluriactividade CC.AA. Unidades: Promedio período 2015-2023




Fonte: Ministerio de Inclusión,
 Seguridad Social y Migraciones
 Elaboración propia

Galicia só se sitúa por baixo de Extremadura (cunha media de 95,6%) e de Andalucía (95,4%) no que respecta á poboación autónoma que se dedica en exclusiva a súa actividade profesional sen pluriactividade.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Evolución da afiliación RETA con pluriactividade Galicia-España. Unidades: Porcentaxe media anual 2015-2023




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Aínda así, se observa como en Galicia se pasa do 4% da poboación autónoma con pluriactividade no 2015 ao 6,2%, unha evolución semellante á observada no Estado, no que se pasa do 4,8% ao 7,0% entre o 2015 e o 2022.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Evolución da afiliación RETA con pluriactividade Galicia-España. Unidades: Porcentaxe media anual 2015-2023




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

De feito, a tendencia é moi homoxénea no conxunto do espazo temporal observado, véndose como de xeito global a pluriactividade vai gañando peso tanto en Galicia como no total do Estado e no conxunto das CC.AA., co único matiz do ano 2020, dada a situación asociada á pandemia da COVID-19 vivida.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación


Perfil da afiliación RETA por sectores CC.AA. Unidades: Promedio período 2015-2023



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Polo que respecta á poboación afiliada por sectores, Galicia destaca por riba de todo en relación co sector primario (Agricultura e Pesca), cun 20,9% de media no período 2015-2023, fronte á media do Estado do 11,4% (ver detalle na seguinte páxina).

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación




Fonte: Ministerio de Inclusión,
 Seguridad Social y Migraciones
 Elaboración propia

O sector da Agricultura e Pesca representa en Galicia 9,5 puntos máis que no conxunto do Estado (20,9% fronte ao 11,4%), sendo a 6ª comunidade no que máis representa este sector.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación


Evolución da afiliación RETA por sectores Galicia. Unidades: Porcentaxe media anual 2015-2023



Avaliando a evolución media dos últimos 9 anos, Galicia viu aumentar a súa poboación autónoma no sector Servizos e no sector da Construción, tendencia que se aparelhou ao maior descenso no sector primario da Agricultura e Pesca e á case estabilización da poboación autónoma no sector da Industria.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación


Perfil da afiliación RETA por sectores Galicia - España. Unidades: Promedio anos 2015-2023



Por outra banda, Galicia amosa unha perspectiva moi semellante á media estatal no que se refire ao sector da Industria (4,4% e 4,3% respectivamente) como do sector da Construción (lixeiramente máis alta en Galicia – 11,9% que en España - 11,1%).

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Perfil da afiliación RETA por actividades Galicia. Unidades: Afiliación media 2015 – 2023 e % sobre total




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Aínda así, o Comercio ao retallo representa en Galicia o 14,21% de media entre o 2015 e febreiro 2023, seguida da Agricultura (cun 12,41%) e da restauración (9,46%). Así, estas 20 actividades (dun total de 89) representan o 86,5% do total da afiliación ao RETA en Galicia. As 8 primeiras representan o 63,0%, é dicir, case 2 de cada 3 persoas traballadoras autónomas.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación


Evolución do salario medio vs rendemento medio en Galicia e España Unidades: € media 2015 – 2020

Salario medio



Rendemento medio Act. Económicas

Fonte: Agencia Tributaria Modelos 100 e 190 IRPF Elaboración propia




En clave fiscal, se observa como o crecemento nos rendementos do traballo (salario medio) tivo un aumento moito máis pronunciado ata o 2019 (reducíndose a fenda coa media estatal) que os rendementos medios declarados polas persoas traballadoras autónomas en estimación directa. O maior ingreso está claramente a favor das persoas asalariadas.


4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Distribución do emprego autónomo por tipo de tributación Galicia vs España Unidades: € media mod 100 - 2020

Galicia



España



Fonte: Agencia Tributaria
 Modelo 100 IRPF
 Elaboración propia

- Estimación directa
- Estimación obxectiva (actvs. agrícolas)
- Estimación obxectiva (actvs. Non agrícolas)
- Atribución de rendas



- Estimación directa
- Estimación obxectiva (actvs. agrícolas)
- Estimación obxectiva (actvs. Non agrícolas)
- Atribución de rendas

Nesa mesma perspectiva fiscal, destaca que en Galicia o 56,2% (máis da metade) das persoas traballadoras autónomas declarantes con rendemento positivo atopábanse no réxime de estimación directa (fronte ao 54,2% do conxunto de España), e un 36,3% no réxime de estimación obxectiva, 3 puntos menos que en España (39,3%).



4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. II Consolidación

Distribución do rendemento medio por tramos Galicia vs España Unidades: € media mod 100 - 2020

Galicia



España




Fonte: Agencia Tributaria
Modelo 100 IRPF
Elaboración propia

Nesa mesma perspectiva fiscal, destaca que en Galicia o 55,2% (máis da metade) das persoas traballadoras autónomas en estimación directa se sitúa cun rendemento neto medio inferior aos 12.000€, fronte ao 47,3% a nivel estatal, debendo ter en conta que se trata do ano no que se produciu a pandemia pola COVID-19.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. III Remuda e remate

Evolución das baixas no RETA Galicia vs España. Unidades: baixas rexistradas no réxime




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Entrando xa na última etapa (remuda e remate) é preciso destacar tamén que as baixas no RETA en Galicia mantén un fluxo continuo de baixas cada vez inferiores, coa excepción do ano 2018 (respecto das cifras do ano 2017), cunha tendencia moi semellante á observada en España.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. III Remuda e remate

Evolución das baixas no RETA Galicia (detalle). Unidades: baixas rexistradas




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Como detalle da gráfica anterior, nesta se pode observar como no 2018 produciuse un cambio de tendencia de descenso nas baixas, observándose tamén como entre o 2020 e o 2021 a tendencia de descenso nas baixas case se estancou, motivado principalmente pola situación xerada pola pandemia da COVID-19.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. III Remuda e remate

Evolución das baixas no RETA Galicia vs España. Unidades en base 100 respecto do 2015


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia



De feito, tomando como base 100 o ano 2015, pódese observar como o número de baixas, que se ía reducindo ano a ano, vese freado entre o 2020 e o 2021, como tamén se observou ao principio do ciclo avaliado, coa incidencia indicada da COVID-19.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. III Remuda e remate

Evolución saldo (altas – baixas) no RETA Galicia vs España. Unidades afiliacións




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Coa dita evolución, o saldo de altas e baixas no RETA ten en Galicia un saldo negativo constante, no ano 2021, no que se observa o único un saldo positivo en toda a serie presentada, fronte a unha tendencia moito máis marcada no caso do conxunto do Estado, que remata tamén o 2022 cun saldo negativo altas – baixas (-466).

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. III Remuda e remate

Evolución saldo (altas – baixas) no RETA Galicia (detalle). Unidades afiliacións




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Como detalle do anterior gráfico, son xustamente eses dous anos (2018 e 2021) nos que se rompe esa tendencia á baixa nos saldos anuais de entradas menos saídas do réxime RETA.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. III Remuda e remate

Evolución das altas nas pensións por xubilación do RETA Galicia – España. Unidades: 2015 base 100




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Finalmente, como a outra vía de saída da actividade como persoa traballadora autónoma, a xubilación no RETA amosa un descenso continuado nas novas altas na xubilación desde o ano 2015 (e anteriores) os únicos momentos "repunte" amosados son, xustamente, nos anos 2018 e 2021 (tanto en Galicia como en España).

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. III Remuda e remate

Evolución das pensións por xubilación do RETA Galicia – España. Unidades: euros




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

**Salario mínimo
interprofesional
2023:
1.080 €/mes**

Por último, no que respecta á pensión media por xubilación no RETA, a evolución é a alza mantense constante no escenario temporal observado, aínda que a pensión media en Galicia é un 14% inferior respecto da media do conxunto do Estado (nos 4 meses do 2023 o 13,96% inferior), maior que a observada para o réxime xeral (cun diferencial do 10,29%).

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. III Remuda e remate

Evolución das pensións por xubilación do RETA Galicia – España. Unidades: base 100 2015




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Polo tanto, tomando como referencia 100 o ano 2015, se observa que no 2023 obtense un incremento total dun 32,65% a nivel estatal e dun 32,69% a nivel de Galicia, amosando unha tendencia case idéntica na tendencia, téndose posto por riba moi lixeiramente Galicia por primeira vez respecto do conxunto do Estado.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. III Remuda e remate

Evolución das pensións por xubilación do RETA – Réx. Xeral Galicia. Unidades: Euros



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
Elaboración propia

Salario mínimo interprofesional 2023:
1.080 €

Por último, cabe salientar que a evolución da pensión media por xubilación, aínda que coa mesma tendencia, é moi diferente no caso do RETA e do Réxime Xeral. Esta última é un 74,7% superior respecto da asociada ao RETA no ano 2023, entre outras razóns dado o sistema diferente de cotización.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. **Principais conclusións**

Galicia amosa un **indicador TEA vencellado ao emprendemento inferior ao observado a nivel estatal**, reflectindo unha tendencia moi semellante no horizonte dos últimos 5 anos.

Claro impulso nos últimos anos do TEA feminino en Galicia, só freado no 2020, observándose tamén un comportamento moito máis destacado respecto da evolución do emprendemento masculino nas distintas fases do proceso emprendedor.

Maior grao de abandono da iniciativa emprendedora nas mulleres, o que esixe pór en marcha ferramentas de apoio e de superación ante a situación futura que se pode dar nas actuais iniciativas emprendedoras incipientes e consolidadas.

A tendencia evolutiva das altas no RETA é moi semellante á observada no escenario estatal, cunha baixada constante aínda que cunha minoración maior en Galicia que en España.

A incidencia e posterior recuperación da situación da **COVID-19 observouse tamén como un punto de inflexión cun aumento nas altas no RETA**, aínda que en niveis inferiores aos observados anteriormente.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. **Principais conclusións**

Cabe indicar que o **descenso continuado da poboación afiliada ao RETA** (RETA e Mar) en Galicia se debe, entre outras circunstancias:

- Ao impulso da afiliación no Réxime Xeral, o que fai que persoas autónomas opten por esta modalidade para continuar no mercado laboral.
- Á carencia de remuda xeracional, xa que en Galicia a poboación dada de alta menor de 25 anos é o 1,3% fronte ao 2,0% do conxunto de España.

Dentro do espazo temporal 2015 - 2023, **obsérvase un saldo positivo na afiliación (máis entradas que saídas) no ano 2018 e 2021**, o cal, xunto co resultado obtido no ano 2018 da a entender un concepto de **“réxime refuxio”** que supón para moitas persoas facerse persoa traballadora autónoma.

O sector primario (Agricultura e pesca) están a perder activos, sendo un colectivo de especial relevancia na economía de Galicia. Sectores, por outra banda, con limitacións restritivas constantes e crecentes no que respecta dos límites de produción (Agricultura) e das capturas (Pesca).



4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. **Principais conclusións**

Galicia **conta co emprego autónomo máis igualitario**, en correlación coa presenza feminina na súa economía, sendo a comunidade cun maior factor de representatividade feminina (un 42,1%).

Galicia conta cunha **poboación autónoma moi consolidada**, cun peso crecente da poboación maior de 55 anos nos últimos anos no RETA (un 31,4% como media no período avaliado).

A evolución observada na afiliación **segundo as bases de cotización é un reflexo da distribución por idade do referido colectivo**, observándose que é a pensión (e non os demais beneficios dunha maior cotización) **o factor esencial á hora de aumentar aquelas**, sendo estas, aínda así, moi inferiores ás observadas no réxime xeral. En todo caso, esta situación ten mudado moi claramente coa entrada en vigor do Real Decreto-lei 13/2022 que regula no novo sistema de cotización.

Galicia é **a terceira comunidade con menor peso da cotización pola base mínima**, 9,4 puntos menos que no conxunto do Estado.

Galicia é a 7ª comunidade na que a poboación con máis de 3 anos antigüidade no réxime (cun 73,2%) e a 6ª no que menos representa o colectivo de menos de 6 meses de antigüidade (o 6,0%).



4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. **Principais conclusións**

Galicia sitúase por **baixo da media estatal no que respecta ao colectivo RETA con persoal asalariado** (20,5% fronte ao 21,1%), pero cun lixeiro incremento nos últimos anos, pasando do 19,9% ao 20,07%, fronte á baixada que este colectivo amosou no conxunto do Estado.

Ademais, Galicia **é unha comunidade no que a pluriactividade é un recurso menos utilizado entre a poboación autónoma**, sendo a 4ª comunidade no que menos se utiliza este tipo de situación para obter unha fonte adicional de ingresos (un 94,7% se dedican en exclusiva, fronte ao 93,9% no conxunto do Estado).

Por outra banda, o colectivo autónomo en Galicia está **moi concentrado en 20 actividades**, que representan o 86,5% do total da afiliación a este réxime, dun total de 89 actividades identificadas.

A pensión media das persoas xubiladas polo RETA en Galicia **mantén o ritmo de crecemento observado no conxunto do Estado**, aínda que cun nivel económico absoluto un 14% inferior.

4. O escenario do emprego autónomo en Galicia. Perfil de referencia

2013-16
42,8%

Igualitario
41,9% mulleres

Emprendemento en feminino
56,5% na fase consolidada

2013-16
46,13%

2013-16
74,0%

Maior de 40 anos
79,1%

No sector Servizos
64,7%

2013-16
57,5%

2013-16
78,1%

Coa base mínima
4,2%

Peso sector Primario
18,7%

2013-16
26,7%

2013-16
64,1%

5 anos ou máis de antigüidade
64,2%

Sen persoal ao cargo
79,3%

2013-16
80,2%

2013-16
589,28€

Cunha pensión por xubilización
786,44€

Centrado na súa actividade
93,8% sen pluriactividade

2013-16
96,1%





5. Principais conclusións da análise DAFO

5. Principais conclusións da análise DAFO

DEBILIDADES

- Reducida dimensión dos negocios que fai moi difícil lograr unha produtividade e rendibilidade mínima para atender ao desenvolvemento profesional e persoal que esixe a situación actual.
- Situación laboral, rendementos medios e cobertura social por debaixo dos niveis observados no emprego por conta allea.
- Perda nas afiliacións no réxime durante o período de referencia, só recuperada no ano 2021 e en descenso novamente no 2022.
- Perda de afiliacións na Agricultura e Pesca, sectores cunha marcada idiosincrasia da economía de Galicia.
- Grande peso relativo de persoas autónomas de 55 e máis anos en Galicia e reducida presenza de mocidade, con respecto á media estatal.
- Importante falta de remuda xeracional que incide, entre outras, no peche dos negocios rendibles e sostibles actualmente en marcha e con capacidade de continuidade.
- Aumento da pluriactividade como vía para complementar os ingresos.
- Grande peso relativo en sectores sobreexplotados e con escaso valor engadido, como o comercio polo miúdo ou a hostalería.
- Escaseza de formación en xestión empresarial en moitas iniciativas de autoemprego, complicando a consolidación dos seus negocios.
- Utilización do emprego autónomo como "refuxio" ante a necesidade de atopar unha alternativa laboral, máis que como desenvolvemento profesional, o que resta planificación axeitada dos proxectos e a implicación necesaria.
- Grao de abandono das mulleres emprendedoras con iniciativas xa consolidadas, principalmente no período da pandemia.
- Reducida capacidade para a actualización e seguimento dos cambios normativos que inflúen tanto no seu negocio como na súa actividade laboral e profesional, delegando o seu cumprimento ao labor das asesorías e xestorías o que incide na súa inseguridade xurídica.
- Manifesta alta taxa de mortalidade nos primeiros anos da posta en marcha de negocios, dada a falta de rendementos para manter o negocio e para promover a súa consolidación.
- Baixo uso das tecnoloxías da información como ferramenta para o crecemento dos negocios e para incrementar o valor engadido xerado e a apertura de novos mercados.

5. Principais conclusións da análise DAFO

AMEAZAS

- Incerteza en relación aos cambios derivados dos novo sistema de cotización do emprego autónomo do goberno central que entrou en vigor en xaneiro do 2023 (Real Decreto-lei 13/2022).
- Limitacións á produción no sector primario (Agricultura e Pesca) que condicionan a viabilidade dos negocios, sendo sectores de especial interese no relativo ao emprego autónomo en Galicia, conlevando unha perda constante de poboación autónoma.
- Disrupcións nas cadeas de subministracións e incremento de custos que afectan á dispoñibilidade e prezo das mesmas, incidindo claramente na viabilidade do negocio.
- Inestabilidade do mercado non repercutible nos prezos, agravada polo incremento sostido dos custos de produción e do propio IPC.
- Como consecuencia desta inestabilidade, está a aumentar o grao de morosidade privada que incide, en maior medida, nos negocios das persoas autónomas e micropemes.
- Crecente importancia da comercialización en liña como consecuencia dos hábitos adquiridos pola clientela, polas limitacións impostas na pandemia, coa esixencia correspondente de capacidade de investimento.
- Presión da globalización dos mercados sobre a actividade económica local, onde o emprego autónomo ten máis presenza.
- Percepción negativa dentro da sociedade cara o autoemprego, estendendo a idea do emprego autónomo como sinónimo de sufrimento e desamparo, dificultando cuestións clave como a remuda xeracional.
- Incidencia dunha crecente competencia desleal que non atende a factores legais e unha economía somerxida que repercute na competitividade e crecemento dos negocios e nunha redución dos marxes de beneficios que fan perigar os seus negocios.
- Repercusión da falta de adecuación pola política de prezos na oferta e na demanda dos arrendamentos de locais para a posta en marcha e mantemento dos negocios e comercios.
- Incremento observado no custo do financiamento nos últimos meses do 2022, tanto a través das hipotecas como dos préstamos para o desenvolvemento da actividade profesional, que repercutirá a medio e longo prazo na capacidade de supervivencia do emprego autónomo.

5. Principais conclusións da análise DAFO

FORTALEZAS

- Representatividade do emprego autónomo en Galicia, que continúa a ser a de maior peso entre as CC.AA. respecto do total de persoas afiliadas á Seguridade Social.
- Galicia segue a amosar a maior igualdade no emprego autónomo entre homes e mulleres.
- Peso relevante do emprego autónomo nos sectores da Agricultura e a Pesca como factor específico e singular da economía de Galicia que debe poñerse en valor cara o seu desenvolvemento futuro e capacidade de retención de poboación nos ámbitos rurais.
- Existencia de organizacións empresariais representativas do colectivo e estruturas consolidadas de diálogo e colaboración coa administración autonómica.
- Recursos asentados e testados durante a pandemia con capacidade para evolucionar e achegar máis ás persoas autónomas (oficina virtual do emprego autónomo, formación, mentoring, ...).
- Posta en marcha da Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao emprego como espazos de acompañamento ao crecemento e consolidación.
- O emprego autónomo caracterízase pola súa gran capacidade de adaptación e flexibilidade para afrontar os cambios e facer fronte aos factores evolutivos do mercado con maior axilidade que outros axentes do mercado.
- No escenario do emprego autónomo en Galicia amósase unha importante diversificación sectorial e xeográfica que incide na súa presenza ao longo de toda a estrutura económica do territorio.
- Nivel de apoio acadado coas actividades de mentorización desenvolvidas como fórmula de interacción e potenciación do perfil das persoas traballadoras autónomas, con capacidade evolutiva para seguir a potenciar e fortalecer os negocios das persoas traballadoras autónomas participantes.

5. Principais conclusións da análise DAFO

OPORTUNIDADES

- Posibilidade de maior cobertura e protección social cos cambios realizados no sistema de cotización marcados polo goberno central.
- Reforzo das axudas á actividade do emprego autónomo e das micropemes como resultado dos plans de reactivación económica trala crise do COVID-19.
- O acompañamento para a posta en marcha e a consolidación das ideas de negocio e as novas vías de desenvolvemento profesional a través da Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego que se está a promover desde a Xunta de Galicia.
- Atención á prevención específica por sectores a través de guías elaboradas polo ISSGA.
- Apoio facilitador á adopción de novas tecnoloxías que apoiem a actividade produtiva e comercial das persoas autónomas a través dos polos de emprendemento e apoio ao emprego.
- Capacidade de desenvolvemento de iniciativas de autoemprego no rural, co apoio de programas, infraestruturas tecnolóxicas e de servizos punteiros, grazas á apertura e accesibilidade ao mercado "dixital".
- Atracción de persoas traballadoras por conta allea que, trala pandemia, buscan unha nova ocupación que lles permita conciliar mellor a súa vida profesional e persoal, un dos factores destacados do emprego por conta propia.
- Posibilidades que achega a ferramenta de Intelixencia Territorial da Rede de Polos de Emprendemento para a identificación de novas oportunidades e nichos de mercado.
- Número crecente de recursos e servizos, tanto públicos como privados, á disposición das persoas que desexan emprender, que facilitan a definición do seu proxecto cara o autoemprego, promovendo metodoloxías, canles e ferramentas para minorar o risco de abandono nas novas iniciativas e a aversión ao risco latente.
- Equiparación crecente entre as actuais condicións e competencias que se requiren para o emprego por conta allea respecto das requiridas para o emprego por conta propia, facendo máis atractiva esta opción.
- Maior capacidade, nivel académico e familiaridade coas TIC por parte das persoas mozas de Galicia o que lles facilitará atopar novas oportunidades de mercado para promover iniciativas por conta propia en sectores con maior valor engadido.

5. Principais conclusións da análise **DAFO**

A perspectiva do emprego autónomo está a mudar, comezando a verse como alternativa profesional que permite canalizar a obtención de ingresos profesionais con maiores facilidades para promover o propio equilibrio persoal.

Febble situación financeira do colectivo en activo, en comparación coas persoas contratadas por conta allea, como consecuencia das limitacións ao desenvolvemento da actividade económica durante a pandemia, a situación de inestabilidade actual e ao tamaño dos seus negocios.

Dificultade de iniciar novas iniciativas de autoemprego durante os pasados dous anos, dada a situación económica e sociolaboral.

Limitado coñecemento do que significa o "día a día" do emprego autónomo, máis alá do que é a prestación específica da propia actividade.

Excesiva dependencia, en moitos casos, sobre xestorías e asesorías en relación co cumprimento das obrigas contables e tributarias, pola "complexidade" do sistema que limita a súa "liberdade".

Recurso ao emprego autónomo como refuxio nos momentos de crise do emprego por conta allea, o que supón tamén unha causa do abandono nos momentos de recuperación deste.



6. Contidos clave da Estratexia Impulso Autónomo Horizonte 27

6.1. Contidos clave da Estratexia Impulso Autónomo Horizonte 27

POTENCIAR A CALIDADE DOS NOVOS PROXECTOS DE AUTOEMPREGO EN GALICIA

1 FOCALIZAR OS APOIOS

- Impulsar a **Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego** como canle de valor para a posta en marcha de novos negocios.
- Impulsar unha **canle de formación sobre os contidos clave** previo ao arranque da actividade como persoa traballadora autónoma para coñecer os aspectos esenciais do día a día.
- Pór en marcha o **Pack de inicio do autoemprego** combinando formación, asesoramento e subvencións ao investimento para a posta en marcha cun maiores niveis de calidade.
- Incidir no fomento do autoemprego no ámbito das **STEM**, en especial, o feminino, potenciando a representatividade e a igualdade de oportunidades.
- Diseñar unha **guía multimedia interactiva de modelo de negocio** para acompañar a posta en marcha das iniciativas de emprego autónomo.
- Impulsar a **Oficina do Emprego Autónomo como espazo de conexión permanente**, observación e seguimento do colectivo.
- Incidir na **visibilización da importancia do colectivo** no desenvolvemento da actividade económica e emprego.
- Potenciar e consolidar o **Encontro Anual de autónomos/Premio ao emprego autónomo**.

FORTALECER O ECOSISTEMA COMPETITIVO DO EMPREGO AUTÓNOMO EN GALICIA

2 INCIDIR MÁIS NA FORTALEZA

- Reforzar o **Bono Autónomo** para apoiar o crecemento das iniciativas xa consolidadas, a través da cooperación coas asociacións do sector.
- Impulsar a **Liña Axudas ao Emprendemento** para facilitar a consolidación mediante **proxectos de crecemento**.
- Impulsar os apoios ao **financiamento** das persoas autónomas **para a consolidación**.
- Crear o Espazo **Crece Autónomo** como espazo de formación de calidade especializada que fomenta o desenvolvemento cara os retos dos novos mercados e novas tecnoloxías.
- Impulsar a creación dun **espazo virtual de demostración** de sistemas tecnolóxicos e de mercado para o emprego autónomo por actividades clave.
- Promover un **Pack Integral en seguridade e saúde laboral** como parte das actuacións en materia de consolidación dun emprego autónomo sen riscos.
- Impulsar o **Bono Autónomos Sostibles** cun **kit de actuacións integrais de benestar** dirixidas a mellorar na calidade de vida das persoas traballadoras autónomas na conciliación coa vida persoal.
- Potenciar a remuda xeracional mediante un **programa experto** de transmisión cun espazo virtual de *matching* e un encontro anual de referencia.
- Reforzar o **apoyo ao autoemprego feminino** para seguir a gañar peso entre o emprego autónomo consolidado.

AVANZAR NO MARCO DE COGOBERNANZA PARA DINAMIZAR O EMPREGO AUTÓNOMO EN GALICIA

3 XERAR MÁIS SINERXIAS

- Liderar e consolidar o **Observatorio do emprego autónomo** como ferramenta de apoio á toma de decisións un **estudo en profundidade** da caracterización do emprego autónomo en Galicia en colaboración co IGE.
- Aumentar a **cohesión e implicación das entidades asociativas** do emprego autónomo no desenvolvemento das iniciativas de posta en marcha e consolidación do emprego autónomo.
- Promover unha canle de **información proactiva especializada** para persoas traballadoras autónomas para mantelas ao día sobre as novidades.
- Fomentar **novos sistemas que potencien a colaboración** entre persoas traballadoras autónomas cara novas sinerxias que melloren as súas actividades.
- Desenvolver un **plan de difusión que mellore a percepción do autoemprego** na sociedade en xeral e na mocidade en particular.

1 Potenciar a calidade dos novos proxectos de autoemprego en Galicia

▪ Impulsar a Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego como canle de valor para a posta en marcha de novos negocios.	22.596.942,68 €
▪ Impulsar unha canle de formación sobre os contidos clave previo ao arranque da actividade como persoa traballadora autónoma para coñecer os aspectos esenciais do día a día.	50.000,00 €
▪ Pór en marcha o Pack de inicio do autoemprego combinando formación, asesoramento e subvencións ao investimento para a posta en marcha cun maiores niveis de calidade.	147.376.000,00 €
▪ Incidir no fomento do autoemprego no ámbito das STEM , en especial, o feminino, potenciando a representatividade e a igualdade de oportunidades.	300.000,00 €
▪ Diseñar unha guía multimedia interactiva de modelo de negocio para acompañar a posta en marcha das iniciativas de emprego autónomo.	75.000,00 €
▪ Impulsar a Oficina do Emprego Autónomo como espazo de conexión permanente , observación e seguimento do colectivo.	250.000,00 €
▪ Incidir na visibilización da importancia do colectivo no desenvolvemento da actividade económica e emprego.	108.000,00 €
▪ Potenciar e consolidar o Encontro Anual de autónomos/Premio ao emprego autónomo .	250.000,00 €
Total orzamento Eixo 1	171.005.942,68 €

1 Potenciar a calidade dos novos proxectos de autoemprego en Galicia

Impulsar a **Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego** como canle de valor para a posta en marcha de novos negocios.

Os primeiros Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego promovidos pola Xunta de Galicia **estanse a consolidar como espazos de referencia local** para dar apoio e asesoramento especializado ás persoas que desexan promover o seu propio futuro profesional.

Nesa liña, é preciso impulsar esta Rede como **núcleo vertebrador do conxunto de iniciativas en materia de emprendemento** e potenciación dos negocios ao longo de todo o territorio de Galicia.

Faise preciso contar cunha metodoloxía e un modelo de actuación homoxéneo que permita incidir nos factores esenciais a ter en conta na posta en marcha de calquera iniciativa emprendedora pero coa perspectiva propia e individual **que achegue os recursos e os contidos que**, de xeito particular e específico, **requira calquera persoa que desexe pór en marcha o seu propio negocio**.

Incidindo na posta en marcha, deberase tamén ter en conta esta rede como espazo de referencia para **promover tamén a remuda e o traspaso de negocio con proxección de mercado** e na busca de persoas interesadas para **promover proxectos con potencialidade** que se identifiquen no territorio como posibles proxectos tractores.

1 Potenciar a calidade dos novos proxectos de autoemprego en Galicia

Impulsar a **Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego** como canle de valor para a posta en marcha de novos negocios.

Actividades a desenvolver

- Posta en marcha dos 7 polos adicionais que faltan por arrancar.
- Dinamización e promoción dos polos dentro da contorna de cada un deles para a súa difusión.
- Creación do espazo de titorización e mentorización para as persoas a atender.

Orzamento estimado

22.596.942,68 €

Periodicidade da acción

Segundo renovación contratos

Indicadores de seguimento

- Nº de polos impulsados
- Nº de persoas atendidas
- Nº de proxectos de emprendemento desenvolvidos

Entidades involucradas

- Fundación Juana de Vega
- Entidades adxudicatarias de cada Polo
- Mesa do Emprego Autónomo

1 Potenciar a calidade dos novos proxectos de autoemprego en Galicia

Impulsar unha **canle de formación sobre os contidos clave** previo ao arranque da actividade como persoa traballadora autónoma para coñecer os aspectos esenciais do día a día.

Unha das mellores vías para potenciar a calidade dos proxectos de autoemprego de nova creación é a de **asegurar que as persoas que as levan a cabo dispoñen dun coñecemento previo do que van atopar na súa nova realidade.**

Máis alá do desenvolvemento da propia actividade á que se vai dedicar a persoa, **o emprego autónomo require ter en conta moitos outros aspectos relacionados co día a día** e que, polo xeral, as persoas que comezan unha actividade por conta propia descoñecen.

Esta canle contará con **contidos expertos de autoformación sobre unha plataforma de teleformación**, que mediante vídeos breves elaborados por persoas expertas, complementados con guías cos aspectos básicos, se centrarán nas claves a ter en conta (fiscalidade, factura electrónica, uso do certificado dixital, cotizacións e protección social, instrumentos financeiros de apoio...) e a súa finalidade non será a de crear expertos, senón **axudar á persoa que vai iniciar a súa actividade no emprego autónomo a obter unha visión xeral clara e completa**, con carácter previo ao inicio da actividade, do que vai significar o seu día a día tras o arranque e os aspectos que debe ter en conta, para evitar sorpresas que poñan en risco a súa viabilidade.

1 Potenciar a calidade dos novos proxectos de autoemprego en Galicia

Impulsar unha **canle de formación sobre os contidos clave** previo ao arranque da actividade como persoa traballadora autónoma para coñecer os aspectos esenciais do día a día.

Actividades a desenvolver

- Selección das temáticas a abordar.
- Identificación das persoas de referencia para realizar a presentación de contidos.
- Elaboración de contidos de referencia e subida dos mesmos ao campus virtual da Consellería.
- Actualización de contidos segundo as evolucións observadas.

Orzamento estimado

50.000,00 €

Periodicidade da acción

Actualización contidos segundo sexa requirido

Indicadores de seguimento

- N° de temáticas con contidos xerados
- N° de accesos aos contidos por parte das persoas autónomas interesadas

Entidades involucradas

- Mesa do Emprego Autónomo

1 Potenciar a calidade dos novos proxectos de autoemprego en Galicia

Pór en marcha o **Kit de inicio do autoemprego** combinando formación, asesoramento e subvencións ao investimento para a posta en marcha cun maiores niveis de calidade.

Para aumentar as posibilidades de éxito na posta en marcha dun proxecto de autoemprego, son **tres os elementos que se consideran claves:**

- **Formación** inicial para a posta en marcha.
- **Apoios económicos** e/ou financeiros para os investimentos necesarios.
- **Asesoramento** experto durante a posta en marcha.

Trátase, pois, de crear un novo programa de apoio á posta en marcha do emprego autónomo que **combine e interrelacione estes tres aspectos:** formación vinculada ao inicio da actividade, a súa xestión e comercialización; investimentos relacionados co inicio da actividade e vinculados cos contidos desa formación previa; e por último, asesoramento experto no nos momentos iniciais da posta en marcha do novo negocio.

Desde xeito, se **potencian as posibilidades de éxito e supervivencia das novas iniciativas de emprego autónomo;** se asegura a pertinencia dos apoios económicos e financeiros para o inicio da actividade, así como a súa rendibilidade; e estarán impulsados polo asesoramento de persoas expertas nos momentos clave da súa posta en marcha, facendo ao mesmo tempo un seguimento das iniciativas incipientes.

1 Potenciar a calidade dos novos proxectos de autoemprego en Galicia

Pór en marcha o **Kit de inicio do autoemprego** combinando formación, asesoramento e subvencións ao investimento para a posta en marcha cun maiores niveis de calidade.

Actividades a desenvolver

- Selección das temáticas a abordar dos contidos formativos e do equipo de asesoramento.
- Elaboración de contidos de referencia e subida ao portal da Oficina do Emprego Autónomo.
- Actualización de contidos segundo as evolucións observadas.
- Definición da liña de apoios para a adecuación aos servizos e investimentos a subvencionar.

Orzamento estimado

147.376.000,00 €

Periodicidade da acción

Convocatoria anual axudas
Actualización contidos
segundo sexa requirido

Indicadores de seguimento

- N° de temáticas con contidos xerados
- N° de descargas do Kit de inicio
- Orzamento anual para o impulso da axuda
- Volume de persoas autónomas beneficiarias do servizo de asesoramento
- Volume de persoas autónomas beneficiarias da subvención

Entidades involucradas

- Mesa do Emprego Autónomo
- Rede de Polos de emprendemento e apoio ao emprego autónomo

1 Potenciar a calidade dos novos proxectos de autoemprego en Galicia

Incidir no fomento do autoemprego no ámbito das **STEM** e, en especial o feminino, potenciando a representatividade e a igualdade de oportunidades.

Aínda que Galicia ten a participación máis igualitaria no emprego autónomo do Estado, aínda hai camiño para recorrer, **especialmente no ámbito das STEM** (ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas) ligado aos sectores estratéxicos para a economía galega e dentro da estratexia de especialización intelixente.

Para isto, desenvolveranse **actuacións tendentes a conectar os extremos** desta relación:

- Por unha banda, e de xeito coordinado coas actuacións que se poidan desenvolver desde a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, **potenciar nos centros de educación superior** (de formación profesional e universidades) e de investigación de Galicia, **o xurdimento de vocacións cara ao autoemprego e o emprendemento** entre as persoas xa tituladas, especialmente centradas no longo recorrido existente para as mulleres neste eido.
- E, por outra, e de xeito coordinado coas actuacións que se poidan desenvolver desde a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, **para apoiar a posta en marcha destas iniciativas de autoemprego**, tanto a través de axudas específicas (IEBT e Programa EMEGA) **como tamén con servizos de valor engadido centrados no acompañamento e consolidación das ideas emprendedoras.**

1 Potenciar a calidade dos novos proxectos de autoemprego en Galicia

Incidir no fomento do autoemprego no ámbito das **STEM** e, en especial o feminino, potenciando a representatividade e a igualdade de oportunidades.

Actividades a desenvolver

- Tarefas de coordinación coas Universidades integrantes do SUG para abordar a actuación.
- Actividades divulgativas no ámbito do emprendemento no ámbito STEM.
- Xornadas, presentacións ou eventos centrados no emprendemento no ámbito STEM.
- Aumentar a presenza feminina no programa IEBT e potenciar o sector STEM no programa EMEGA

Orzamento estimado

300.000,00 €

Periodicidade da acción

Anual

Indicadores de seguimento

- Número de actividades de divulgación realizadas
- Nº de xornadas ou eventos realizados
- Nº de persoas participantes nos eventos realizados

Entidades involucradas

- Mesa do Emprego Autónomo
- Universidades do SUG
- Rede de Polos de emprendemento e apoio ao emprego
- Consellería de Educación

1 Potenciar a calidade dos novos proxectos de autoemprego en Galicia

Deseñar unha **guía multimedia interactiva de modelo de negocio** para acompañar a posta en marcha das iniciativas de emprego autónomo.

Aínda que á hora de poñer en marcha un proxecto empresarial é moi común recorrer á realización dun plan de empresa, **no eido do autoemprego aínda non resulta habitual realizar, cando menos, unha definición do modelo de negocio.**

Non obstante, realizar cando menos a reflexión previa en relación ao modelo de negocio que se vai desenvolver, **resulta un elemento de importancia capital para asegurar a calidade as probabilidades de éxito do proxecto.**

Así, esta acción **céntrase en deseñar un modelo interactivo** (especificamente pensado para o emprego autónomo) que, de xeito guiado e sinxelo, **sirva para realizar unha autoreflexión en relación co modelo do negocio a poñer en marcha**, analizando e tomando decisións en relación aos elementos clave do mesmo, tales como a proposta de valor, a clientela obxectivo á que dirixirse, as necesidades e expectativas desta que se pretende atender, como chegar a ela ou provedores e socios clave vai precisar entre outros aspectos.

Este resultado poderá gardalo co seu perfil e actualizalo a medida que avanza na súa reflexión, e poderá estar conectado cun titor de apoio á posta en marcha (ver Kit de inicio do autoemprego).

1 Potenciar a calidade dos novos proxectos de autoemprego en Galicia

Deseñar unha **guía multimedia interactiva de modelo de negocio** para acompañar a posta en marcha das iniciativas de emprego autónomo.

Actividades a desenvolver

- o Elaboración de contidos multimedia.
- o Aloxamento ou instalación na Oficina do emprego autónomo.
- o Difusión nos portais temáticos da Consellería (Oficina do emprego autónomo, XATEmprego, Polos de Emprendemento e Rede Eusumo).
- o Impulsar unha experiencia piloto cun grupo de persoas emprendedoras para optimizar o seu uso.

Orzamento estimado

75.000,00 €

Periodicidade da acción

Actualización dos contidos segundo sexa requirido

Indicadores de seguimento

- o N° de consultas recibidas pola guía multimedia.
- o N° de persoas participantes na experiencia piloto.

Entidades involucradas

- o IGAPE
- o Mesa do Emprego Autónomo
- o Rede de Polos de Emprendemento e Apio ao emprego
- o Rede Eusumo

1 Potenciar a calidade dos novos proxectos de autoemprego en Galicia

Impulsar a **Oficina do Emprego Autónomo** como **espazo de conexión permanente**, de observación e seguimento do colectivo.

O percorrido conseguido pola Oficina do emprego autónomo desde a súa posta en marcha, fai preciso **abordar un proceso de impulso que permita dotala de novos contidos e de máis interacción coas persoas traballadoras autónomas** e tamén coas persoas que están a buscar un espazo no que aclarar as súas dúbidas para converterse en emprendedoras.

Desde a pandemia puido observarse que **as canles telemáticas foron un espazo de referencia de primeira magnitude para atender dun xeito rápido e persoal ás persoas que estaban a demandar contidos e información constantemente actualizada**, manténdose actualmente esa tendencia trala situación vivida.

Por iso, agora se entende que é o momento para incidir no reforzo e na ampliación de novas canles de conexión, aproveitando a marca e o servizo prestado desde a Oficina do emprego autónomo.

1 Potenciar a calidade dos novos proxectos de autoemprego en Galicia

Impulsar a **Oficina do Emprego Autónomo** como espazo de conexión permanente, de observación e seguimento do colectivo.

Actividades a desenvolver

- Definición funcional dos novos contidos da Oficina do Emprego Autónomo.
- Desenvolvemento dun novo xestor de contidos.

Orzamento estimado

250.000,00 €

Periodicidade da acción

Actualización dos contidos segundo sexa requirido

Indicadores de seguimento

- Nº de visitas recibidas
- Nº de consultas recibidas
- Nº de persoas autónomas dadas de alta na plataforma

Entidades involucradas

- Mesa do Emprego Autónomo

1 Potenciar a calidade dos novos proxectos de autoemprego en Galicia

Incidir na **visibilización da importancia do colectivo** no desenvolvemento da actividade económica e emprego.

Esta medida céntrase na **ampliación das canles de difusión e comunicación** da Xunta de Galicia para **incidir no papel esencial que o colectivo do autoemprego ten no espazo económico, laboral e social** da comunidade autónoma.

É preciso impulsar unha canle de visualización do emprego autónomo como unha vía para pór en valor o emprego autónomo como **fío conductor de proxectos profesionais de calidade e que atenden ás inxerencias e desexos persoais, en contraste co traballo por conta allea.**

Con isto búscase **acadar un mellor autorrecoñecemento e maior motivación das persoas autónomas**, de cara a acadar unha maior calidade dos seus negocios e **un maior sentimento de pertenza ao colectivo**, tanto a nivel de colectivo como tamén do papel do autoemprego feminino na economía de Galicia.

En liña cos contidos asociados ao contido clave de "Avanzar no marco de cogobernanza para dinamizar o emprego autónomo en Galicia", se entende que é preciso **potenciar a visibilización do colectivo** no seu papel primordial na actividade e no emprego de Galicia.

1 Potenciar a calidade dos novos proxectos de autoemprego en Galicia

Incidir na **visibilización da importancia do colectivo** no desenvolvemento da actividade económica e emprego.

Actividades a desenvolver

- Identificación dos factores a destacar en cada acción de visibilización.
- Contratar os espazos de difusión e promoción.
- Creación das campañas de visibilización.

Orzamento estimado

108.000,00 €

Periodicidade da acción

Anual

Indicadores de seguimento

- N° de campañas feitas
- N° de persoas autónomas obxectivo

Entidades involucradas

- Mesa do Emprego Autónomo

1 Potenciar a calidade dos novos proxectos de autoemprego en Galicia

Potenciar e consolidar o **Encontro Anual de Autónomos/Premio ao emprego autónomo**.

Baixo unha perspectiva de **evento colaborativo e conmemorativo do papel do emprego autónomo en Galicia** propónse abordar un Encontro Anual no que se recoñeza o seu protagonismo e, ao mesmo tempo, se logre dar valor ás persoas e entidades que ao longo de cada ano están a promover o autoemprego e a súa posta en valor, **recoñecendo o seu esforzo diario, dando a coñecer as tendencias do emprego autónomo e potenciando as sinerxías** entre as persoas autónomas.

Tomando a remuda dos encontros do emprego autónomo, búscase consolidar un espazo periódico e permanente de encontro e de **recoñecemento ao labor desenvolvido polas persoas que promoven o autoemprego como fórmula de éxito no seu desenvolvemento profesional** (destacando o papel das mulleres pola súa relevancia no colectivo en Galicia), aproveitando a ocasión para facer tamén unha actividade de actualización e reciclaxe profesional.

Este encontro servirá tamén para crear un espazo de reflexión e colaboración, **xunto coas asociacións representativas do colectivo**, para incidir nas necesidades e oportunidades observadas para fortalecer e impulsar o emprego autónomo como canle de desenvolvemento profesional de calidade.

1 Potenciar a calidade dos novos proxectos de autoemprego en Galicia

Potenciar e consolidar o Encontro Anual de Autónomos/Premio ao emprego autónomo.

Actividades a desenvolver

- Definición das temáticas a abordar en cada encontro anual.
- Identificar as persoas autónomas e persoas de referencia para as sesións de presentación.
- Organización do encontro e dos espazos de coworking e de cooperación no ámbito das sinerxias e a remuda xeracional. Convocatoria anual de premios ao emprego autónomo.

Orzamento estimado

250.000,00 €

Periodicidade da acción

Anual

Indicadores de seguimento

- N° de persoas asistentes.
- N° de sesións de coworking colaborativas realizadas
- N° de proxectos de remuda xeracional identificados.

Entidades involucradas

- Mesa do Emprego Autónomo

2 Fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo en Galicia

▪ Reforzar o Bono Autónomo para apoiar o crecemento das iniciativas xa consolidadas, a través da cooperación coas asociacións do sector.	40.000.000,00 €
▪ Impulsar a Liña de Axudas ao Emprendemento para facilitar a consolidación mediante proxectos de crecemento .	64.625.529,03 €
▪ Impulsar os apoios ao financiamento das persoas autónomas para a súa consolidación .	30.000.000,00 €
▪ Crear o Espazo Crece Autónomo como espazo de formación de calidade especializada que fomente o desenvolvemento cara os retos dos novos mercados e novas tecnoloxías.	1.300.000,00 €
▪ Impulsar a creación dun espazo virtual de demostración de sistemas tecnolóxicos e de mercado para o emprego autónomo por actividades clave.	160.000,00 €
▪ Promover un Pack Integral en seguridade e saúde laboral como parte das actuacións en materia de consolidación dun emprego autónomo sen riscos.	303.731,00 €
▪ Impulsar o Bono Autónomos Sostibles cun kit de actuacións integrais de benestar dirixidas a mellorar na calidade de vida das persoas traballadoras autónomas na conciliación coa vida persoal.	20.799.946,00 €
▪ Potenciar a remuda xeracional mediante un programa experto de transmisión cun espazo virtual de <i>matching</i> e un encontro anual de referencia.	9.868.181,00 €
▪ Reforzar o autoemprego feminino para seguir a gañar peso entre o emprego autónomo consolidado .	20.000.000,00 €

Total orzamento Eixo 2

187.057.387,03 €

2 Fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo en Galicia

Reforzar o **Bono Autónomo para apoiar o crecemento das iniciativas xa consolidadas**, a través da cooperación coas asociacións do sector.

En aras de incidir na consolidación das persoas traballadoras autónomas que xa están a desenvolver a súa actividade profesional por conta propia e atendendo ás demandas observadas desde o colectivo **é esencial seguir a apoialas mediante o fortalecemento de medidas e programas cunha ampla visibilidade entre o colectivo.**

Tras poñer en marcha este apoio e do éxito acadado, **vese preciso impulsalo e reforzalo para atender dun xeito máis amplo** as necesidades do colectivo de persoas traballadoras autónomas xa consolidadas.

É o caso das dúas liñas definidas dentro do Bono de promoción do emprego autónomo (coñecido como Bono Autónomo), que se están a consolidar como un apoio de referencia que anualmente está a achegar un importante orzamento para facilitar o crecemento e a adaptación dos negocios das persoas traballadoras autónomas asentadas.

Nese sentido, **deberase reforzar o seu papel para poder chegar a un maior número de persoas beneficiarias**, permitindo tamén axudar no importante esforzo que está a asumir este colectivo no seu día a día e así, poidan evolucionar na medida das súas necesidades e das demandas evolutivas do seu mercado.

2 Fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo en Galicia

Reforzar o **Bono Autónomo** para apoiar o crecemento das iniciativas xa consolidadas, a través da cooperación coas asociacións do sector.

Actividades a desenvolver	○ Redefinir as bases do apoio do Bono Autónomo para adecuarse ao novo obxectivo.		
Orzamento estimado	40.000.000,00 €	Periodicidade da acción	Anual
Indicadores de seguimento	○ Nº de solicitudes recibidas. ○ Nº de solicitudes aprobadas. ○ Nº de solicitudes xustificadas.		
Entidades involucradas	○ Mesa do Emprego Autónomo		

2 Fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo en Galicia

Impulsar a **Liña Axudas ao Emprendemento** para facilitar a consolidación mediante **proxectos de crecemento**.

Sendo conscientes das dificultades observadas por parte das persoas autónomas xa consolidadas **para atender á necesidade de realizar investimentos de certa envergadura** nos seus negocios, obsérvase como de especial interese contar cunha liña consolidada e forte de apoios con axudas a fondo perdido como a **Liña Apoio ao Empredemento para atender a este tipo de proceso evolutivo das persoas traballadoras autónomas cara o incremento do valor engadido dos seus negocios**.

Esta liña de apoios sitúase como unha liña entre o apoio que achega o Bono Autónomo e os niveis mínimos de apoio que hai noutros programas de apoio ao investimento orientados máis a pequenas e medianas empresas, e as que as persoas autónomas teñen máis difícil acceder.

Deste xeito, esta liña **impulsarase como unha canle esencial para que as persoas autónomas poidan atender á mellorar os seus negocios** (equipamentos, investimentos, liñas de negocio, ...), sendo conscientes de que moitos deles requiren dun esforzo maior da capacidade ao contar só cos seus propios recursos financeiros.

Búscase **incidir no crecemento e consolidación**, poñendo a súa disposición liñas a medio e longo prazo que **favorezan a súa capacidade evolutiva e lles axuden a facer fronte á dinámica do mercado**.

2 Fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo en Galicia

Impulsar a **Liña Axudas ao Emprendemento** para facilitar a consolidación mediante **proxectos de crecemento**.

Actividades a desenvolver	<ul style="list-style-type: none">○ Enfocar as bases que regulan esta axuda para incidir o fortalecemento dos negocios consolidados.○ Identificar o público obxectivo e dimensionar o orzamento dispoñible.○ Darlle visibilidade e coñecemento por parte das persoas autónomas consolidadas.		
Orzamento estimado	64.625.529,03 €	Periodicidade da acción	Anual
Indicadores de seguimento	<ul style="list-style-type: none">○ Nº de solicitudes recibidas.○ Nº de solicitudes aprobadas.○ Nº de solicitudes xustificadas.		
Entidades involucradas	<ul style="list-style-type: none">○ Mesa do Emprego Autónomo		

2 Fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo en Galicia

Impulsar os apoios ao **financiamento** das persoas traballadoras autónomas **para a súa consolidación.**

De xeito complementario ao observado na anterior liña orientada a investimento, apréciase tamén a dificultade dos negocios en vías de consolidación **para acceder aos produtos financeiros que precisan para a evolución e asentamento dos seus negocios no seu día a día**, polo que tamén se observa como necesario contar cunha liña destacada de apoios a través desta fórmula de acompañamento para que estas persoas autónomas poidan acceder ás liñas de financiamento en condicións óptimas.

Trátase de **apoiar a mobilización de financiamento, como fórmula complementaria ás axudas a fondo perdido**, que permita ás persoas autónomas que se atopan en vías de consolidación das súas iniciativas, acadar a solidez e impulso necesarios para garantir non só a supervivencia dos seus negocios, senón a súa **proxección e crecemento cunha maior solidez financeira nos seus mercados.**

2 Fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo en Galicia

Impulsar os apoios ao **financiamento** das persoas traballadoras autónomas **para a súa consolidación.**

Actividades a desenvolver

- Enfocar as bases que regulan esta axuda para incidir o fortalecemento dos negocios consolidados.
- Diseñar os produtos financeiros acorde ás necesidades das persoas traballadoras autónomas.
- Coordinar os instrumentos a promover coas canles das entidades financeiras que faciliten o acceso aos apoios.

Orzamento estimado

30.000.000,00 €

Periodicidade da acción

Anual

Indicadores de seguimento

- Nº de produtos de financiamento deseñados.
- Nº de solicitudes aprobadas.
- Volume de investimento global acometido.

Entidades involucradas

- Mesa do Emprego Autónomo
- Entidades financeiras
- Igape
- Entidades de afianzamento recíproco

2 Fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo en Galicia

Crear o **Espazo Crece Autónomo** como espazo de formación de calidade especializada que fomente o desenvolvemento cara os retos dos novos mercados e novas tecnoloxías.

Dadas as peculiaridades e o nivel de esixencia do emprego autónomo, as persoas que desenvolven nel a súa actividade **dispoñen de tempo limitado para realizar formación para mellorar as súas competencias e a súa competitividade no mercado**, polo que esta debe estar moi focalizada nos seus intereses e necesidades.

Coa posta en marcha do Espazo Crece Autónomo temáticas trátase de **dar resposta a estas necesidades, creando unidades especializadas por materias**, que ofrecen formación de **alto valor engadido e altamente especializada** para grupos moi reducidos de persoas autónomas, empregando medios telemáticos e con horarios flexibles e adaptados ao desenvolvemento da actividade comercial para o desenvolvemento de sesións en directo ou para as titorías da formación.

Deste xeito, primando a calidade sobre a cantidade, o Espazo Crece Autónomo posibilitará ás persoas autónomas **actualizar as súas competencias e o seu desempeño á realidade do seu mercado**, facéndoas máis competitivas e relevantes e afianzando a súa viabilidade.

Corresponderá a cada unidade identificar, de acordo coa súa temática, as accións formativas máis axeitadas en cada momento, e desenvolvelas en programas especializados.

2 Fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo en Galicia

Crear o **Espazo Crece Autónomo** como espazo de formación de calidade especializada que fomenta o desenvolvemento cara os retos dos novos mercados e novas tecnoloxías.

Actividades a desenvolver

- Selección das temáticas a abordar.
- Identificación das persoas de referencia para realizar a presentación de contidos.
- Elaboración de contidos de referencia e subida dos mesmos ao campus virtual da Consellería.
- Actualización de contidos segundo as evolucións observadas.

Orzamento estimado

1.300.000,00 €

Periodicidade da acción

Actualización de contidos segundo sexa requirido

Indicadores de seguimento

- N° de temáticas con contidos xerados
- N° de accesos aos contidos por parte das persoas autónomas interesadas

Entidades involucradas

- Mesa do Emprego Autónomo

2 Fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo en Galicia

Impulsar a creación dun **espazo virtual de demostración** de sistemas tecnolóxicos e de mercado para o emprego autónomo por actividades clave.

Un dos primeiros problemas co que se topan as persoas traballadoras autónomas cando comezan coa súa actividade é **ter unha referencia en relación cos sistemas tecnolóxicos e equipamentos que precisa para pór en marcha de xeito eficaz o seu negocio:**

Existen programas estándar de mercado? É necesario mercar licenzas ou pódense alugar? Que ferramentas ou equipos son os imprescindibles para a posta en marcha? Dispoñer de información neste sentido, pode ser clave para evitar incorrer en gastos innecesarios ou errar nas adquisicións.

Por outra banda, unha vez en marcha e consolidada a actividade, o problema ben de **ser capaz de manterse ao día e actualizado en canto a novos equipos ou tecnoloxías de aplicación no sector e como empregalas.**

Proponse entón un espazo demostrador de sistemas técnicos e tecnolóxicos **onde as persoas autónomas interesadas obteñan información de instalacións por niveis** (desde básica, co mínimo necesario para comezar, ata *Premium*, co mellor que o estado da arte permite para a actividade) **que lle sirva como referencia** á hora de abordar os seus procesos de adquisición de equipos e equipamento, de acordo coas súas necesidades, ou que incluso poida velos en funcionamento (ou simulacións de funcionamento) antes da súa adquisición.

2 Fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo en Galicia

Impulsar a creación dun **espazo virtual de demostración** de sistemas tecnolóxicos e de mercado para o emprego autónomo por actividades clave.

Actividades a desenvolver

- Definición dos ámbitos iniciais de demostración.
- Identificación e definición da cooperación con axentes do mercado TIC.
- Definición funcional do espazo virtual.
- Creación do espazo virtual de demostración.

Orzamento estimado

160.000,00 €

Periodicidade da acción

Actualización de contidos segundo sexa requirido

Indicadores de seguimento

- N° de tecnoloxías incluídas no espazo de demostración.
- N° de axentes do mercado TIC participantes no espazo.
- N° de consultas recibidas.

Entidades involucradas

- Clúster TIC
- Universidades do SUG
- Mesa do Emprego Autónomo
- Outras entidades TIC

2 Fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo en Galicia

Promover un *Pack Integral* en seguridade e saúde laboral como parte das actuacións en materia de consolidación dun emprego autónomo sen riscos.

Como factor esencial adicional no ámbito do emprego autónomo, **é preciso incidir na posta a disposición dun conxunto de medidas e servizos no ámbito da seguridade e saúde laboral.**

A sensibilización e a promoción da seguridade e a saúde laboral **deben fortalecerse para acadar maior asunción e compromiso no día a día das persoas traballadoras autónomas**, polo que é fundamental contar cun espazo no que teña cabida todas aquelas ferramentas (formativas, informativas, documentais, ...) que apoiem a súa implementación na totalidade dos seus negocios.

Este *Pack* **deberá atender ao conxunto de medidas a promover tanto nos centros de traballo como nas actividades no exterior**, así como tamén no ámbito da mobilidade ou da saúde corporal á hora de prestar os servizos ou de realizar os traballos asociados á actividade.

Este labor preventivo **incidirá, xunto coa medida de actuacións integrais de benestar, a mellorar a saúde laboral deste colectivo e a promover hábitos saudables** que minimicen as doenzas e perdas de xornadas de traballo e a correspondente perda de mercado e de ingresos.

2 Fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo en Galicia

Promover un *Pack Integral en seguridade e saúde laboral* como parte das actuacións en materia de consolidación dun emprego autónomo sen riscos.

Actividades a desenvolver

- Deseño dos contidos a integrar dentro do *Pack Integral* de seguridade.
- Elaboración dos contidos.
- Instalación do *Pack Integral* nos distintos canles web da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Orzamento estimado

303.731,00 €

Periodicidade da acción

Anual

Indicadores de seguimento

- N° de consultas feitas.
- N° de servizos incluídos no *Pack Integral*.

Entidades involucradas

- Mesa do Emprego Autónomo
- ISSGA

2 Fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo en Galicia

Impulsar o **Bono Autónomos Sostibles** cun *kit* de actuacións integrais de benestar dirixidas a **mellorar na calidade de vida** das persoas traballadoras autónomas na conciliación coa vida persoal.

Unha das conclusións que se obteñen no contorno laboral internacional tras a pandemia, observando o comportamento do emprego por conta allea nas principais economías, é o **cada vez máis importante fenómeno coñecido como "a gran renuncia"** que describe como, tras esa etapa de confinamento e o uso do teletraballo con importantes restricións á mobilidade e á interacción social, supuxeron un aumento nas renuncias voluntarias aos seus postos de traballo actuais para priorizar outros elementos da súa vida.

Isto pon en **evidencia a importancia cada vez maior que para as persoas traballadoras en xeral**, tamén as que desempeñan o seu labor no emprego autónomo, **conceden á súa calidade de vida e á posibilidade de conciliar de xeito harmónico o seu tempo de traballo co seu tempo persoal**.

Polo tanto, este cambio debe supoñer **unha oportunidade para captar novas persoas ao emprego autónomo**, que permite unha organización máis equilibrada do traballo conforme aos criterios da propia persoa.

Deste xeito, impulsarase un **bono que integre actuacións dirixidas a dar ás persoas traballadoras autónomas a servizos profesionais e axudas centradas no benestar persoal** que lles permitan conciliar o seu traballo co seu tempo persoal nas diferentes fases da súa vida atendendo ás súas circunstancias persoais ou familiares.

2 Fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo en Galicia

Impulsar o **Bono Autónomos Sostibles** cun *kit* de actuacións integrais de benestar dirixidas a **mellorar na calidade de vida** das persoas traballadoras autónomas na conciliación coa vida persoal.

Actividades a desenvolver

- Elaboración das bases que haberán de regular esta axuda.
- Identificar o público obxectivo e dimensionar o orzamento dispoñible.

Orzamento estimado

20.799.946,00 €

Periodicidade da acción

Anual

Indicadores de seguimento

- N° de solicitudes recibidas.
- N° de solicitudes concedidas.
- N° de solicitudes pagadas.
- N° de entidades ou centros adheridos.

Entidades involucradas

- ISSGA
- Entidades provedoras de servizos
- Mesa do Emprego Autónomo

2 Fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo en Galicia

Potenciar a remuda xeracional mediante un **programa experto** de transmisión cun espazo virtual de *matching* e un encontro anual de referencia.

As claves para desenvolver un programa de remuda axeitado par o emprego autónomo pasan por:

- **Ofrecer ás persoas transmisoras un espazo no que as súas ofertas poidan ser visibles** facilmente por persoas interesadas en adquirilas, e darlles apoio na xestión da transmisión, desde a valoración realista e a prezo de mercado do seu negocio, ata a correcta tramitación do cambio de titularidade.
- **Ofrecer ás persoas interesadas en adquirir un negocio consolidado un espazo confiable e seguro** no que poidan atopar ofertas dignas de consideración, coa seguridade de que son reais e axustadas en canto ás súas características e potencial descrito.
- **Desenvolver eventos periódicos** que, máis alá do espazo virtual ou a interacción remota, permita que as persoas interesadas achegarse a coñecer as iniciativas dispoñible, así como a negociación directa.

Todo isto é o que pretende conseguir este programa, aberto todo o ano, para que en calquera momento as persoas transmitentes poidan presentar os seus negocios, e as persoas adquirentes poidan buscar ofertas do seu de interese.

2 Fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo en Galicia

Potenciar a remuda xeracional mediante un **programa experto** de transmisión cun espazo virtual de *matching* e un encontro anual de referencia.

Actividades a desenvolver

- Definición dos servizos a integrar dentro do programa.
- Diseñar e abrir a convocatoria para a identificación de persoas expertas que dean o apoio.
- Elaboración das bases que haberán de regular esta axuda.
- Identificar o público obxectivo e dimensionar o orzamento dispoñible.

Orzamento estimado

9.868.181,00 €

Periodicidade da acción

Anual

Indicadores de seguimento

- N° de tipoloxías de servizos a prestar.
- N° de persoas expertas participantes.
- N° de persoas autónomas atendidas.
- N° de negocios participantes no programa.

Entidades involucradas

- Mesa do Emprego Autónomo
- Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego

2 Fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo en Galicia

Reforzar o apoio ao autoemprego feminino para **seguir a gañar peso entre o emprego autónomo consolidado.**

Segundo se pode apreciar nos informes GEM Galicia, o último correspondente ao ano 2021, **as mulleres adoitan presentar uns valores superiores aos homes no referente ás taxas de emprendemento nacente,** novo e, tamén, en emprendemento consolidado, o que fala da solidez e capacidade das mulleres galegas para poñer en marcha proxectos de éxito.

Non obstante o anterior, nos últimos anos e coincidindo co inicio da crise motivada pola pandemia da COVID-19, **as mulleres amosan unha maior sensibilidade ao abandono de iniciativas consolidadas que os homes,** o que leva a interpretar que existen elementos relacionados coa perspectiva de xénero que fan que, neste tipo de situacións económicas e sociais adversas, e a pesares de contar cunha maior porcentaxe de iniciativas de autoemprego ou emprendedoras consolidadas, as mulleres tenden a abandonalas en maior medida que os homes.

Por este motivo, **considérase relevante afondar nas causas que fortalezan as iniciativas de emprendemento e autoemprego feminino consolidado,** poñendo os medios e apoios necesarios para que as mulleres galegas non se vexan na obriga de abandonar proxectos de éxito.

2 Fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo en Galicia

Reforzar o apoio ao autoemprego feminino para **seguir a gañar peso entre o emprego autónomo consolidado.**

Actividades a desenvolver	<ul style="list-style-type: none"> ○ Tarefas de coordinación coas Universidades integrantes do SUG e as asociacións integrantes da Mesa do Emprego Autónomo para abordar a actuación. ○ Xornadas, presentacións ou eventos centrados na consolidación do emprego autónomo no ámbito STEM. ○ Premio en recoñecemento ao labor feito polas mulleres autónomas consolidadas. 		
Orzamento estimado	20.000.000,00 €	Periodicidade da acción	Anual
Indicadores de seguimento	<ul style="list-style-type: none"> ○ N° de eventos realizados. ○ N° de mulleres autónomas participantes. ○ N° de solicitudes recibidas. ○ N° de solicitudes aprobadas. 		
Entidades involucradas	<ul style="list-style-type: none"> ○ Polos de emprendemento ○ Universidades SUG ○ Mesa do Emprego Autónomo ○ Outras asociacións empresariais 		

3 Avanzar na cogobernanza para dinamizar o emprego autónomo en Galicia

- Liderar e consolidar o **Observatorio do emprego autónomo** como ferramenta de apoio á toma de decisións un **estudo en profundidade** da caracterización do emprego autónomo en Galicia en colaboración co IGE.

385.000,00 €
- Aumentar a **cohesión e implicación das entidades asociativas** do emprego autónomo no desenvolvemento das iniciativas de posta en marcha e consolidación do emprego autónomo.

1.600.000,00 €
- Promover unha canle de **información proactiva especializada** para persoas traballadoras autónomas para mantelas ao día sobre as novidades.

50.000,00 €
- Fomentar **novos sistemas que potencien a colaboración** entre persoas traballadoras autónomas cara novas sinerxias que melloren as súas actividades.

100.000,00 €
- Desenvolver un **plan de difusión que mellore a percepción do autoemprego** na sociedade en xeral e na mocidade en particular.

235.264,00 €

Total orzamento Eixo 3

2.370.264,00 €

3 Avanzar na cogobernanza para dinamizar o emprego autónomo en Galicia

Liderar e consolidar como ferramenta de apoio á toma de decisións un **estudo en profundidade** da caracterización do emprego autónomo en Galicia en colaboración co IGE.

Para poder entender da mellor maneira posible o emprego autónomo en Galicia de cara non só a caracterizalo, senón para deseñar actuacións de apoio e impulso máis axeitadas e pertinentes, e necesario **contar coa mellor información posible en relación á traxectoria das persoas que optan polo autoemprego**: de onde proveñen, canto tempo adoitan estar en situación de alta, que cambios se producen na súa situación, cara onde se dirixen cando finalizan a súa actividade por conta propia...

Por este motivo, **desenvolverase un acordo de colaboración co Instituto Galego de Estatística para identificar as fontes de datos de interese e o alcance deste estudo**, de cara a desenvolver os acordos que sexan necesarios coas administracións públicas implicadas para poder acceder con carácter regular a estes datos.

A partires do seu coñecemento especializado, o Instituto Galego de Estatística **procesará e analizará a referida información para realizar unha caracterización completa sobre o emprego autónomo en Galicia**, considerando desde o nacemento do mesmo, no momento en que a persoa se da de alta por primeira vez no réxime, ata que esta o abandona.

3 Avanzar na cogobernanza para dinamizar o emprego autónomo en Galicia

Liderar e consolidar como ferramenta de apoio á toma de decisións un **estudo en profundidade** da caracterización do emprego autónomo en Galicia en colaboración co IGE.

Actividades a desenvolver

- Definir o mapa de datos estatísticos e de rexistro a elaborar.
- Definir o escenario de colaboración co IGE para impulsar o estudo.
- Crear unha canle de difusión e visualización.

Orzamento estimado

385.000,00 €

Periodicidade de execución

Anual

Indicadores de seguimento

- Nº de ratios ou informes novos desenvolvidos.

Entidades involucradas

- Instituto Galego de Estatística
- Mesa do Emprego Autónomo

3 Avanzar na cogobernanza para dinamizar o emprego autónomo en Galicia

Aumentar a **cohesión e implicación das entidades asociativas** do emprego autónomo no desenvolvemento das iniciativas de posta en marcha e consolidación do emprego autónomo.

As entidades asociativas do ámbito do emprego autónomo xogan un papel determinante, en canto permiten ás persoas autónomas contar con interlocución nos espazos de toma de decisión e xestión sobre aspectos do seu interese; unha interlocución que doutro xeito, e polas propias características das iniciativas de autoemprego, onde prima o carácter individual, resultaría complexa.

Ademais, como colectivos representantes das persoas traballadoras autónomas, teñen a capacidade de colaborar coa administración para transmitir as necesidades destas persoas, e para apoiar na adaptación ao contexto das políticas de apoio que se desenvolven dende o ámbito público.

Por este motivo, e na medida en que ás asociacións de persoas traballadoras autónomas máis representativas do sector decidan mediante consenso, **potenciarase a súa visibilización e a súa implicación en diversas iniciativas asociadas a esta estratexia, para darlles ás persoas autónomas a posibilidade de coñecelas dende o inicio da súa actividade**, á vez que se aproveita o seu coñecemento con relación ao apoio e impulso do emprego autónomo, e se consolida o seu papel de interlocución en representación do colectivo fronte á Consellería.

3 Avanzar na cogobernanza para dinamizar o emprego autónomo en Galicia

Aumentar a **cohesión e implicación das entidades asociativas** do emprego autónomo no desenvolvemento das iniciativas de posta en marcha e consolidación do emprego autónomo.

Actividades a desenvolver

- Definir o novo espazo colaborativo coas asociacións representativas do emprego autónomo.
- Aumentar os niveis de compromiso das partes no seu desenvolvemento.
- Darlle visibilidade e difusión como parte do apoio ao emprego autónomo en Galicia.

Orzamento estimado

1.600.000,00 €

Periodicidade de execución

Anual

Indicadores de seguimento

- N° de entidades participantes.
- N° de proxectos ou iniciativas desenvolvidas coas entidades asociativas.

Entidades involucradas

- Mesa do Emprego Autónomo

3 Avanzar na cogobernanza para dinamizar o emprego autónomo en Galicia

Promover unha canle de **información proactiva especializada** para persoas traballadoras autónomas para mantelas ao día sobre as novidades.

Afondando nas iniciativas xa consolidadas, como é o caso da Oficina Virtual do Emprego Autónomo, que reúne nun único espazo toda a información de interese para as persoas traballadoras autónomas galegas, e avanzando na prestación de servizos proactivos de maior valor, **promoverase a creación dunha canle de información proactiva especializada para o emprego autónomo.**

Esta canle, a través de subscrición da persoa traballadora autónoma, **faralle chegar de xeito proactivo e periódico a información que resulte do seu interese estruturada en diferentes categorías** como as seguintes:

- Axudas con convocatoria aberta.
- Previsión de axudas a publicar.
- Destacados do calendario tributario.
- Formación para o emprego autónomo.
- Novas de interese (normativa, eventos, etc.).
- Procedemento electrónico (presentación de procedementos de interese).

3 Avanzar na cogobernanza para dinamizar o emprego autónomo en Galicia

Promover unha canle de **información proactiva especializada** para persoas traballadoras autónomas para mantelas ao día sobre as novidades.

Actividades a desenvolver

- Realizar o deseño da canle de información.
- Establecer as pautas para canalizar a recepción e difusión da información.
- Difundir a propia canle para chegar ao maior número de persoas autónomas posibles.

Orzamento estimado

50.000,00 €

Período de execución

Mensual

Indicadores de seguimento

- N° de persoas autónomas inscritas na canle.
- N° de mensaxes enviados.

Entidades involucradas

- Mesa do Emprego Autónomo

3 Avanzar na cogobernanza para dinamizar o emprego autónomo en Galicia

Fomentar **novos sistemas que fomenten a colaboración** entre persoas traballadoras autónomas cara novas sinerxias que potencien as súas actividades.

O emprego autónomo permite ás persoas que traballan baixo este réxime unha maior flexibilidade e capacidade de organización do seu propio traballo, pero en ocasións tamén limitan as súas posibilidades de crecemento ao carecer do tamaño ou estrutura requirida para optar a proxectos de maior envergadura, por exemplo no eido da contratación pública.

É por isto que **se promoverán novos sistemas e espazos que fomente o encontro e colaboración entre persoas traballadoras autónomas**, apoiadas con accións de difusión e formación en relación coa organización e regulación do traballo conxunto en proxectos desenvolvidos baixo o réxime de cooperación, así como modelos de documentos para plasmar os acordos puntuais e multilaterais aos que poidan chegar as persoas autónomas para abordar proxectos concretos.

Por outra banda, estudarase a posibilidade de incluír a figura de agrupación de autónomos naqueles procesos de contratación pública realizados pola Consellería nos que, polo obxecto e alcance do contrato, esta teña sentido.

3 Avanzar na cogobernanza para dinamizar o emprego autónomo en Galicia

Fomentar **novos sistemas que fomenten a colaboración** entre persoas traballadoras autónomas cara novas sinerxias que potencien as súas actividades.

Actividades a desenvolver	<ul style="list-style-type: none"> ○ Diseñar o espazo de colaboración para espallalo por toda a Comunidade Autónoma de Galicia. ○ Diseñar un programa de presentación atendendo aos territorios propios dos Polos de Emprendemento. ○ Promover a captación de boas prácticas e de casos de éxito para incidir na súa difusión. 		
Orzamento estimado	100.000,00 €	Período de execución	Anual
Indicadores de seguimento	<ul style="list-style-type: none"> ○ Nº de encontros de colaboración desenvolvidos. ○ Nº de persoas autónomas participantes nos encontros. ○ Nº de iniciativas de sinerxia creados a partires dos encontros. 		
Entidades involucradas	<ul style="list-style-type: none"> ○ Rede de Polos de emprendemento e apoio ao emprego ○ Mesa do Emprego Autónomo 		

3 Avanzar na cogobernanza para dinamizar o emprego autónomo en Galicia

Desenvolver un **plan de difusión** que mellore a **percepción do autoemprego** na sociedade en xeral e na mocidade en particular.

Atendendo á visibilidade actual do emprego autónomo na sociedade, se entende que **é preciso incidir na imaxe que este tipo de emprego ten entre a sociedade de Galicia** e nas posibilidades que pode chegar a ofrecer ás futuras xeracións como vía especialmente atractiva e personalizable para o desenvolvemento do seu proxecto profesional e vital.

Nese ámbito, é preciso **promover un plan de comunicación** que permita pór en valor o papel do emprego autónomo na economía de Galicia e as bondades, posibilidades e vías de desenvolvemento profesional que aporta a todas aquelas persoas que deciden promover o seu autoemprego, principalmente no ámbito dos novos retos estratéxicos de Galicia para os vindeiros anos.


E, en particular, **incidirase na imaxe e na visión que a mocidade ten do emprego autónomo**, de tal xeito que permita tamén incidir na remuda xeracional e nunha máis que imprescindible necesidade de incorporación das persoas mozas a este colectivo, para que poidan coñecer as grandes oportunidades que se lles poden abrir para a continuación de negocios xa en marcha e rendibles.

3 Avanzar na cogobernanza para dinamizar o emprego autónomo en Galicia

Desenvolver un **plan de difusión** que mellore a **percepción do autoemprego** na sociedade en xeral e na mocidade en particular.

Actividades a desenvolver	<ul style="list-style-type: none"> ○ Identificación dos factores a destacar en cada acción de visibilización, poñendo en valor o emprego autónomo. ○ Contratar os espazos de difusión e promoción. ○ Creación das campañas de visibilización. 		
Orzamento estimado	235.264,00 €	Período de execución	Anual
Indicadores de seguimento	<ul style="list-style-type: none"> ○ Nº de campañas desenvolvidas. 		
Entidades involucradas	<ul style="list-style-type: none"> ○ Mesa do Emprego Autónomo 		

6.1. Contidos clave da Estratexia Impulso Autónomo Horizonte 27



6.2. Outros contidos da Axencia Impulso Autónomo **Horizonte 27**

Ademais dos referidos contidos clave deste horizonte, que contemplan actuacións que na súa meirande parte son novidasas, a Estratexia Impulso Autónomo **Horizonte 27** inclúe outros contidos e actuacións xa consolidadas, que teñen demostrado a súa eficacia e que, polo tanto, continúan sendo relevantes para o emprego autónomo en Galicia.

Exemplos destas actuacións son, entre outras, as seguintes:


- Axudas para o fomento do emprego autónomo.
- Programa Nova Oportunidade.
- Axudas para a contratación indefinida.

Con independencia de que estes sexan programas e actuacións consolidadas, proporanse melloras na xestión dos mesmos para adaptalos ao enfoque desta estratexia e ás necesidades das persoas traballadoras autónomas ao longo da súa vixencia.



7. Obxectivos da Estratexia Impulso Autónomo Horizonte 27

7. Obxectivos a acadar coa Estratexia Impulso Autónomo Horizonte 27





8. Gobernanza, seguimento e mellora da Estratexia Impulso Autónomo Horizonte 27

8.1. Gobernanza, seguimento e mellora da Estratexia

O seguimento, control e mellora da Estratexia Impulso Autónomo Horizonte 27 realizarase **a través da Mesa do Emprego Autónomo de Galicia**, na que están presentes todos os axentes involucrados.

Deste xeito, será no ámbito desta Mesa a través da que se incorporará á estratexia a voz e a situación global das persoas traballadoras autónomas, coa participación dos seus representantes e **considerando as súas necesidades e expectativas de xeito dinámico ao longo de toda a súa vixencia**.

En calquera caso, e para unha mellor pilotaxe, **realizarase unha reflexión intermedia no ano 2024**, na que se presentarán os resultados completos das actuacións realizadas ata ese momento, e se debaterá cos interlocutores do emprego autónomo a continuidade ou modificación das medidas abordadas, así como a necesidade de posta en marcha de outras novas.

8.2. Estratexia de comunicación da Estratexia

Para acadar una maior eficacia na comunicación da Estratexia Impulso Autónomo Horizonte 27, esta realizarase compaxinando diversas vías e soportes atendendo ás necesidades de cada fase, sendo a Oficina Virtual do Emprego Autónomo a referencia fundamental e central.

- Así, na posta en marcha, realizarase **unha presentación pública**, e se fará dispoñible cando menos un resumo executivo da mesma.
- Durante a execución da mesma **realizaranse presentacións públicas e temáticas** para comunicar a posta en marcha das medidas clave e dar a coñecer o seu contido, ademais de publicacións en medios mediante notas de prensa e de boletíns periódicos dirixidos ás persoas rexistradas para acadar unha maior difusión.
- A **comunicación dos resultados do seguimento** realizarase tanto internamente, ás unidades administrativas implicadas nas accións, como externamente a través dos informes elaborados polo observatorio do emprego autónomo.

8.2. Estratexia de comunicación da Estratexia

- Os resultados máis destacados da avaliación final da estratexia comunicaranse publicamente dentro do **acto de presentación da seguinte estratexia de emprego autónomo**, como base para a súa elaboración.

Ademais do anterior, terán grande relevancia na estratexia de comunicación as entidades integradas na Mesa do Emprego Autónomo, para facer unha difusión máis próxima ás propias persoas autónomas ás que representan, ao longo de todas as fases e en relación coa información que consideren de máis interese para estas.

8.3. Xestión do cambio

Esta **Estratexia Impulso Autónomo Horizonte 27** contempla medidas e actuacións novas e novidosas que requiren, tanto interna como externamente, **unha adecuada difusión e comprensión**, para poder obter os mellores resultados posibles.

A isto se suma a necesidade de afianzar a mentalidade emprendedora e de innovación tamén por parte das persoas que están a traballar no emprego autónomo en Galicia, fortalecendo a súa eficacia como vía de desenvolvemento profesional e alonxándoo da súa posible concepción como refuxio en caso de necesidade.

Para isto, **prevense dúas vías de actuación fundamentais: información e formación.**

- En canto á información no ámbito externo (persoas traballadoras autónomas ou con potencial de chegar a selo) apoiarase a xestión do cambio nos boletíns periódicos que se enviarán ás persoas rexistradas na oficina virtual do emprego autónomo, non só con novidades e axudas, senón con boas prácticas e casos de éxito que sirvan de estímulo.

8.3. Xestión do cambio

- No ámbito interno (as unidades e servizos da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade que participan na xestión e execución das medidas previstas) a información apoiarase na comunicación a través do correo corporativo e en reunións informais que sirvan para coñecer os cambios, novidades e procedemento daquelas medidas que sexan novas. Neste mesmo sentido, e do mesmo xeito, realizarase a comunicación dos resultados das medidas, para que poida servir como motivación e estímulo interno.
- En canto á formación, a xestión do cambio estará fundamentada na formación inicial previa prevista para as persoas interesadas en acceder ao emprego autónomo, de forma que teñan unha idea clara do que representa e significa antes de iniciarse nel, e co apoio continuado a través de Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego, propiciando ese cambio de filosofía no emprego autónomo de Galicia.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE